

TOMO IV: Informe de sustentabilidade ambiental



Aprobación inicial marzo 2013

INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

DIRECTOR DO EQUIPO REDACTOR

MANUEL EDUARDO LÓPEZ VÁZQUEZ
Arquitecto

EQUIPO REDACTOR

MANUEL ANGEL LOPEZ REAL
Arquitecto Técnico

BELINDA YEPES JIMÉNEZ
Enxeñeira de Montes

JOSÉ ANTONIO MAIRA MÉNDEZ
Enxeñeiro Agrónomo

ÍNDICE.

1.	A SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL	5	1.7.1	O río Parga e Ladra	18
1.1	DEFINICIÓN E MARCO NORMATIVO DA AAE.....	5	1.7.2	O Río Narla	18
1.2	ANTECEDENTES NA TRAMITACIÓN DO PLANEAMENTO E A AVARIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA.....	5	1.7.3	O plan Hidrolóxico	19
1.3	OBXECTIVOS DO PLANEAMENTO XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	6	1.7.1	Riscos por inundación	19
1.4	ANÁLISE DA INCIDENCIA DA LEXISLACIÓN SECTORIAL VIXENTE.....	9	1.7.2	Captacións	19
1.4	ANÁLISE DA INCIDENCIA DA LEXISLACIÓN SECTORIAL VIXENTE.....	9	1.7.3	Verquidos as augas	19
1.4.1	LEXISLACION URBANÍSTICA	9	1.8	CLIMA.....	20
1.4.2	MEDIO AMBIENTE.	10	1.8.1	Datos de temperaturas.....	20
1.4.3	NORMAS BÁSICAS DA EDIFICACIÓN	11	1.8.2	Datos de precipitacións.	21
1.4.4	USOS REGLADOS.....	11	1.8.3	Os ventos.....	22
1.4.5	INFRAESTRUTURAS VIARIAS.....	12	1.8.4	Clasificación climatolóxica	22
1.4.6	INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS	12	1.9	EDAFOLOXÍA:.....	22
1.4.7	ELEMENTOS PATRIMONIAIS	12	1.9.1	Factores formadores dos solos:	22
1.4.8	PLANEAMENTO DO CONCELLO.	13	1.9.2	Tipos de solos.	22
1.5	FISIOGRAFÍA	14	1.10	ESTUDIO DE VEXETACIÓN	23
1.5.1	Altitudes.....	15	1.10.1	Encadre bioxeográfico.	23
1.6	XEOLOXÍA	15	1.10.2	Evolución da vexetación.....	23
1.6.1	Estratigrafa.....	15	1.10.3	Protección e conservación	27
1.6.2	Litoloxía.....	15	1.11	ESTUDIO DA FAUNA.....	28
1.6.3	Hidroxeoloxía.....	16	1.11.1	Introdución:	28
1.6.4	Concesións mineiras	18	1.11.2	Catálogo faunístico:.....	28
1.7	HIDROGRAFIA	18	1.12	PRODUCTIVIDADE AGRÍCOLA POTENCIAL.....	29

1.12.1	Productividade agrícola	29	3.2	DETERMINACIÓNS XERAIS	48
1.12.2	Zonas de especial interese agrario.....	29	4.	ESTRUTURA URBANÍSTICA DO TERRITORIO	49
1.13	PRODUCTIVIDADE POTENCIAL FORESTAL:	30	4.1	OS OBXETIVOS ESPECÍFICOS DAS VARIABLES AMBIENTAIS	51
1.13.1	Índice de Paterson	30	5.	CRITERIOS DE ORDENACIÓN	53
1.13.2	Capacidade de crecemento das especies forestais s/ Montero e G. Rebollar	30	5.1	SOLO URBANO.....	53
1.14	ESPAZOS NATURAIS	31	5.2	SOLO DE NÚCLEO RURAL.....	53
1.14.1	Espazos naturais pertencentes á Rede natura 2000.....	31	5.3	SOLO RÚSTICO	54
1.14.2	Corredores fluviais.....	31	5.3.1	S.R.P.Agropecuario.....	54
1.15	CONCENTRACIÓN PARCELARIA	32	5.3.2	S.R.P.Forestal	54
1.16	MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN	33	5.3.3	S.R.P.Infraestruturas	55
2.	ESTUDIO DO MEDIO SOCIOECONÓMICO	34	5.3.4	S.R.P.Espazos Naturais	55
2.1	CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS.....	34	5.3.5	S.R.P.Augas.....	55
2.1.1	Densidade poboacional.....	34	5.3.6	S.R.P.Paisaxística	55
2.1.2	Distribución da poboación no territorio.....	34	5.4	SOLO URBANIZABLE.....	57
2.2	CARACTERÍSTICAS ECONÓMICAS.....	36	6.	ANÁLISE DE ALTERNATIVAS	58
2.2.1	O sector primario	36	6.1	A ALTERNATIVA 0.....	58
2.2.2	O sector industrial	37	6.1.1	Solo urbano	59
2.3	ESTRUTURA TERRITORIAL.....	38	6.1.2	Solo de núcleo rural.....	62
2.3.1	Introducción:	38	6.1.3	Solo urbanizable.....	67
2.3.2	A trama do hábitat. A paisaxe rural.....	38	6.1.4	Solo rústico	68
2.3.3	Tipoloxía das edificacións	43	6.2	ALTERNATIVAS DE ORDENACIÓN	69
3.	DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS	47	6.2.1	Solo urbano	69
3.1	CONSIDERACIÓNS XERAIS	47	6.2.2	Ordenación do solo urbanizable	70

6.2.3	Solo de núcleo rural	72	8.2	XESTIÓN DO LIXO.....	102
6.3	ORDENACIÓN DO SOLO RÚSTICO	73	8.3	ENERXÍA.....	103
6.3.2	Solo rústico de protección ordinaria.....	73	8.4	MEDIO RURAL.....	104
6.3.3	Solo rústico de protección agropecuaria.....	73	8.5	EMISIÓN CONTAMINANTES.....	104
6.3.4	Solo rústico de especial protección forestal.....	73	8.6	MEDIO NATURAL E PAISAXE.....	105
6.3.5	Solo rústico de especial protección de infraestruturas.....	74	8.7	POBOACIÓN, ACTIVIDADES ECONÓMICAS E INTEGRACIÓN SOCIAL:.....	105
6.3.6	Solo rústico de protección das augas.....	74	8.8	MELLORAR AS INFRAESTRUTURAS E O APOIO Á XESTIÓN DE ACTIVIDADES TURÍSTICAS.....	107
6.3.7	Solo rústico de protección de espazos naturais.....	74	8.9	VIVENDA.....	107
6.3.8	Solo rústico de interese paisaxístico.....	75	8.10	INDICADORES DE SEGUIMENTO E CONTROL.....	108
6.4	INDICADORES DE PLANEAMENTO.....	80	9.	VIABILIDADE ECONÓMICA DA ALTERNATIVA SELECCIONADA.....	111
6.5	VALORACIÓN DAS ALTERNATIVAS.....	82	10.	ANÁLISE DA COHERENCIA.....	111
6.6	Caracterización das variables e sustentabilidade.....	84	11.	RESUMO NON TÉCNICO.....	111
6.7	IDENTIFICACIÓN E CARACTERIZACIÓN DOS EFECTOS SOBRE O MEDIO.....	93			
6.7.1	Identificación dos efectos.....	93			
6.7.2	Valoración dos efectos sobre o medio.....	94			
7.	DESEÑO DE MEDIDAS.....	95			
7.1	MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS.....	95			
7.1.1	DESCRICIÓNS DAS FASES.....	95			
7.2	FICHAS RESUMO DAS INCIDENCIAS E MEDIDAS CORRECTORAS.....	97			
7.2.1	Medidas xerais.....	97			
7.2.2	Medidas particulares.....	101			
8.	PROPOSTA E PLAN DE SEGUIMENTO. MEDIDAS DE APLICACIÓN.....	102			
8.1	CICLO HÍDRICO.....	102			

1. A SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

1.1 DEFINICIÓN E MARCO NORMATIVO DA AAE.

A Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) ou avaliación ambiental de plans e programas é un instrumento de prevención para integra-los aspectos ambientais na toma de decisións de plans e programas públicos que poidan ter efectos significativos sobre o medio ambiente, ben directamente a través das súas propias determinacións, ben porque establezan o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos á avaliación de impacto ambiental.

A AEA es un instrumento previsto na Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello de Europa, e foi trasposto á Lexislación Española a través da Lei 9/2006, de 28 de Abril, publicada en el B.O.E. de 29 de Abril de 2006.

A AEA é un proceso de avaliación ambiental que debe efectuarse en paralelo á propia elaboración do plan, de forma interactiva ó longo de todo o seu proceso de desenvolvemento e toma de decisións.

1.2 ANTECEDENTES NA TRAMITACIÓN DO PLANEAMENTO E A AVARIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA.

1.2.1.1 Documento de inicio

Iniciase en Xuño de 2.009 (26 de Xuño de 2.009) a tramitación da Avaliación Ambiental Estratéxica (código 0653/2008) ca remisión do Documento de Inicio, correspondente ó Plan Xeral de Ordenación Municipal. Dito documento publicase o 8 de Agosto de 2.008 na páxina web polo espazo dun mes, período durante o cal están abertas suxerencias ou comentarios ó documento. Non se recollen ningunha ó respecto.

1.2.1.2 Anteproxecto de ordenación

Con data do 13 de Xullo de 2.010 recibese comunicación por parte de dita Dirección Xeral, aludindo que trala aprobación Lei 2/2010, os plans e programas que non estiveran aprobados inicialmente antes da entrada en vigor da Lei, o 21 de Abril de 2.010, deberán, segundo a disposición transitoria da LOUGA, adaptarse plenamente a ela.

Informe de sustentabilidade ambiental

Aprobación inicial - Marzo 2.013

Considerase que o documento de inicio non se axusta ós requirimentos establecidos no art. 84.4 da LOUGA, polo que solicitase un novo documento, o anteproxecto de planeamento.

Remítese dita documentación á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental., e con data do 8 de outubro recíbese escrito co obxecto de enmendar erros detectados no Anteproxecto de planeamento, polo que realízase a subsanación e corrección no presente documento.

1.2.1.3 *Documento de referencia*

Emitese con data do 13 de Xaneiro do 2.011 Resolución da secretaria xeral de calidade e avaliación ambiental pola que se aproba o documento de referencia para a avaliación ambiental Estratéxica do plan xeral de ordenación municipal do Concello de Friol.

1.2.1.4 *Plan xeral de ordenación municipal na fase de aprobación inicial previo informe*

Elaborase o documento para solicitar Informe por parte da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de data de Xullo de 2.012.

Con data do 5 de Novembro recíbese no Concello de Friol solicitude para completar expediente pertencente ó Plan Xeral de Ordenación do Concello de Friol.

Remítese separata ca información correspondente ás deficiencias detectadas no PXOM.

Con data do 9 de Xaneiro do 2.013 emítese informe por parte da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

No mesmo intervalo de tempo solicitase informe previo, segundo a Lei de Estradas de Galicia, 4/1994, ós organismos titulares de estradas no concello, autonómica e provinciais, non tendose informado.

1.2.1.5 *Plan Xeral de Ordenación municipal fase de aprobación inicial.*

Redactase o presente documento, incorporando o requisitos do Informe emitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, para proceder a súa aprobación inicial.

1.3 **OBXECTIVOS DO PLANEAMENTO XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.**

O Plan Xeral de Ordenación Municipal ten por obxecto realizar unha análise de todos aqueles aspectos

que poidan incidir na definición do modelo territorial para o concello e nas determinacións do planeamento.

Como obxectivo prioritario da ordenación establécese a posta en valor das características do municipio, vinculadas a explotación racional dos recursos naturais, e analizadas nos correspondentes documentos do plan. Igualmente, mediante a ordenación proposta, garantírase a continuidade e viabilidade das actividades tradicionais, permitindo outras novas mediante desenvolvementos urbanísticos moi controlados e acotados, garantindo a perdurabilidade e sostibilidade do desenrolo. Da análise efectuada pódense estimar que os obxectivos e a función da ordenación ten que estar orientada de cara as seguintes cuestións:

- A definición dun modelo de asentamento poboacional que responda a realidade territorial
- O crecemento vexetativo é negativo, con altas taxas de mortalidade e baixas de natalidade
- As licencias son de vivenda unifamiliar dun xeito preferente.
- Existe demanda na construción de edificacións de tipo agropecuario e auxiliares ás explotacións.
- A taxa de variación interanual de incremento de vivendas é do 7%, polo tanto, chegaríase ás 2.522 no ano horizonte.
- O Concello asimesmo da axeitada protección do patrimonio, tanto cultural como natural.

Os obxectivos plantexados na redacción do PXOM segundo á Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia son, entre outros, os seguintes:

Estrutura xeral do territorio: Identificación, valoración e propostas para os seguintes elementos:

➤ **Rede de comunicacións**

Identificación da estrutura viaria e as súas afeccións.

➤ **Espazos libres e zonas verdes**

Adaptación dos estándares de calidade de vida e cohesión social, segundo a Lei 9/2002.
Creación de zonas periurbanas no entorno do casco urbano.

➤ **Equipamentos comunitarios**

Adaptación dos estándares de calidade de vida e cohesión social, segundo a Lei 9/2002.

➤ **Patrimonio arquitectónico e arqueolóxico.**

Posta en valor do patrimonio arquitectónico coa elaboración dun catálogo e réxime de protección.
A importancia en bens culturais do Concello queda reflexado no abondante patrimonio de tódolos tipos, arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico,
Protección do Camiño de Santiago.

Modelo territorial. Asentamento poboacional

Definición do asentamento poboacional en base a situación do modelo territorial.

- Solo Urbano de Friol
- Solo urbanizable, dous ámbitos de solo residencial (un deles conta ca ordenación detallada no PXOM), e un ámbito destinado á ampliación do parque empresarial existente.
- Núcleos rurais (204 núcleos rurais)
- Solo rústico (100 asentamentos tradicionais)

Solo urbano:

- Adecuado desenvolvemento urbano ó proceso edificador, á realidade do municipio e á evolución económica e poboacional.
- Ordenación do solo urbano, zonificación de usos acorde coas necesidades e das características arquitectónicas existentes.
- Remate de rúas e establecemento das ordenanzas axeitadas á realidade.
- Integración do patrimonio arquitectónico e etnográfico dentro da ordenación e protección dos ámbitos de especial interese (Ordeanza conservativa)
- Definición del borde de la trama urbana, identificación de zonas de núcleo rural e zonas de solo urbano.

Solo urbanizable:

- Colmatación da trama urbana existente mediante o 'cosido' de novos desenvolvementos de tipo residencial.
- Ordenación detallada do solo urbanizable de maior demanda, co obxecto de integralo no proxecto de ordenación do PXOM
- Dotar da posibilidade de ampliación ó existente Parque empresarial.

Solo de núcleo rural:

- Delimitación dos núcleos rurais de poboación de acordo cos criterios establecidos pola Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia segundo o modelo de asentamento poboacional.
- Favorecemento da rehabilitación da edificación tradicional existente.

Solo rústico:

- Aplicación da lexislación sectorial ó territorio.
- Diferenciación dos espazos mais sensibles, que contan con especiais valores de protección (paisaxe, patrimonio, natural, científico, educativo....)
- Determinación do solo reservado á protección de augas, pola necesidade de establecelos corredores ecolóxicos e protexer o ámbito urbano.
- Identificación das zonas agropecuarias do concello.
- Protección das zonas de bosque e ámbitos forestais.
- A numerosa rede fluvial na que se destaca o Río Naría, ademais do Ladra e Parga, ten unha importante dinámica fluvial, pola que se integran os ámbitos fluvial pertencentes ó Corredor ecolóxico e ós ámbitos pertencentes á Protección específica do Ámbito fluvial ó clase de solo de especial protección que garante dita conservación.
- Protección do patrimonio, como a protección integral dos elementos arquitectónico e etnográfico de interese patrimonial e histórico. Delimitación así mesmo das areas de protección integral dos elementos arqueolóxicos, arquitectónicos e etnográficos, así como as súas areas de respeto.
- A estes especiais valores naturais e paisaxísticos cabe engadir a existencia no termo municipal de varios espazos declarados como zonas de especial protección dos valores naturais polo Decreto 72/2004, do 2 de Abril (DOGA 12/04/04) e recollidos na Decisión da Comisión europea de data do 29/12/04, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica como son:

Río Ladra-Parga-Támoga

Serra do Careón.

1.4 ANÁLISE DA INCIDENCIA DA LEXISLACIÓN SECTORIAL VIXENTE

Na redacción do planeamento terase en conta a incidencia das distintas leis sectoriais que inciden directamente sobre a ordenación do territorio.

1.4.1 LEXISLACION URBANÍSTICA

- Lei 10/1995 de ordenación do territorio.
- Rd 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo.
- Lei 8/2007, do solo
- Lei 6/2008, DE 19 DE XUÑO, DE MEDIDAS URXENTES EN MATERIA DE VIVENDA E SOLO
- Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Orde do 1 de agosto de 2003 pola que se define a explotación agropecuaria familiar e tradicional para os efectos do indicado na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
- Circular informativa 1/2003, do 31 de xullo, sobre as explotacións agrícolas e gandeiras existentes antes da entrada en vigor da nova lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Circular informativa 2/2003, do 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico
- Circular informativa 3/2003, do 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións para edificar en núcleos rurais sen planeamento.
- Lei 52/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei reguladora das facendas locais,
- Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais,
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións publicase do procedemento administrativo común

1.4.2 MEDIO AMBIENTE.

Para a protección del medio ambiente o PXOM recolle as disposicións vixentes en materia de medio ambiente e en concreto as relativas á protección ambiental, de augas, da atmosfera e acústica.

No Plan recóllense as áreas incluídas Zona de Especial protección dos valores naturais, incluído na Rede natura.

Os terreos de base son antigos polo que a erosión é mínima. Existen chairas posiblemente froito das varias clases de erosión máis que de recheo de río. Isto non significa que sobre estas chairas o río non se desborde e mesmo a base de anos formara un manto aluvial.

As únicas chairas de inundación destacables son a formadas polo río Narla tralo seu paso por Friol, definidas a través do respectivo 'Plan de Cauces' elaborado pola CHN.

PROTECCIÓN AMBIENTAL

- Lei 4/1989, de 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres.
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza
- Decreto 82/1989, de 11 de maio, polo que se regula a figura de espazo natural en réxime de protección xeral.
- Orde do 9 de xuño de 2003 pola que se declara provisionalmente as zonas propostas para a súa inclusión na rede Europea Natura 2000, coma espazos naturais en réxime de protección xeral.
- Lei 38/1972, de 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico
- Lei 1/1195, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

AUGAS

- Real Decreto Lexislativo 1/01, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de augas.
- Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, polo que se aproba o regulamento do dominio público hidráulico que desenrola os títulos preliminar, I,IV,V,VI e VII da lei de augas.
- Real Decreto 927/88, do 29 de xullo, polo que aproba o regulamento da administración pública da auga, e da planificación hidrolóxica, en desenrolo dos títulos II e III da lei de augas.
- Lei 10/01, de 5 de xullo, do plan hidrolóxico nacional.
- Plan Hidrolóxico do Norte

CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

- Lei 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica.
- Decreto 150/199, de 7 de maio, polo que se aproba o regulamento de protección contra a

contaminación acústica.

REXIME DO SOLO RUSTICO

- Lei 3/2008, de maio, de ordenación da minería de Galicia.
- Lei 22/1973, de 21 de xullo, de minas.
- Lei 4/1977, de 25 de xuño, de caza de Galicia.
- Lei 10/1985, de 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia.
- Lei 12/2001, de 10 de setembro, de modificación da lei de concentración parcelaria para Galicia.
- Decreto 330/1999, de 9 de decembro, polas que se establecen as unidades mínimas de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 19/1995, de 4 de Xullo, de modernización de explotacións agrarias.
- Orde do 1 de agosto de 2003 pola que se define a explotación agropecuaria familiar e tradicional para os efectos do indicado na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
- Lei 55/1980, de 11 de novembro, de montes veciñais en man común.
- Lei 13/1989, de montes veciñais en man común.
- Lei 81/1968, de 5 de decembro, sobre incendios forestais.
- Decreto 3769/72, de 23 de decembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 81/1968, de 5 de decembro, sobre incendios forestais

1.4.3 NORMAS BÁSICAS DA EDIFICACIÓN

EDIFICACIÓN

- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación.
- Código Técnico da Edificación. Normas básicas da edificación e demais regulamentacións técnicas de obrigado cumprimento.
- Lei 4/2003, de 29 de xullo, de vivenda de Galicia.
- Lei 48/2002, de 23 do decembro, do Catastro inmobiliario.
- Real decreto 1020/1993, de 25 de xuño, polo que se aproban as normas de valoración e o cadro marco de valores do solo e das construcións para determinalo valor catastral dos bens inmobles de natureza urbana.

SEGURIDADE CONTRA INCENDIOS

- Real Decreto 786/2001, de 6 de xullo, polo que se aproba o regulamento de Seguridade contra incendios nos establecementos industriais.

ACCESIBILIDADE

- Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na la Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras Comunidade Autónoma de Galicia.

HABITABILIDADE

- Decreto 262/2007, do 20 de decembro, polo que se aproban as normas do hábitat galego.
- Decreto 311/1992, de 12 de novembro, condicións de habitabilidade.

AUDIOVISUAIS

- Lei 11/1998, de 24 de abril, Xeral de telecomunicacións.
- Real Decreto 403/2003, de 14 de maio, polo que se aproba o regulamento regulador das infraestruturas comúns de telecomunicacións para ó acceso ós servizos de telecomunicacións no interior dos edificios.

1.4.4 USOS REGLADOS

ACTIVIDADES CUALIFICADAS

- Real Decreto 1560/92, do 18 de decembro, polo que se aproba a clasificación nacional de actividades económicas CNAE-93
- REAL DECRETO 2816/1982, de 27 de agosto, por el que se aproba el Regulamento Xeneral de Policía de Espectáculos y Actividades Recreativas.

INDUSTRIAL

- Lei 21/1992, de 16 de xullo, de industria.
- Lei 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica.
- Decreto 150/199, de 7 de maio, polo que se aproba o regulamento de protección contra a contaminación acústica.
- Real Decreto 1457/1986 (Presidencia) polo que se regula a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóviles, dos seus equipos e compoñentes.

HOTELEIRO

- Decreto 267/1999, do 30 de setembro, polo que se establece a ordenación dos establecementos hoteleiros

TURISMO RURAL

- Orde do 2 de xaneiro de 1995 polo que se establece a ordenación dos establecementos de turismo rural.
- Orde do 7 de maio de 1996 polo que se modifica a orde do 2 de xaneiro de 1995 polo que se establece a ordenación dos establecementos de turismo rural.

CAMPAMENTOS DE TURISMO

- Decreto 236/1985, do 24 de outubro, sobre ordenación dos campamentos públicos de turismo de Galicia.
- Decreto 390/1987, do 15 de outubro, polo que se modifica o decreto 236/1985, do 24 de outubro, sobre ordenación dos campamentos públicos de turismo de Galicia

COMERCIAL

- Decreto 341/1996, do 13 de setembro, polo que se crea a comisión consultiva de equipamentos

comerciais e regula a implantación de grandes establecementos.

SANITARIO ASISTENCIAL

- Decreto 186/2003, do 6 de marzo, condicións de autorización, dos centros hospitalarios da comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 347/2002, do 5 de decembro, polo que se regulan os pisos protexidos, vivendas de transición, e unidades residenciais para persoas con trastornos psíquicos.
- Lei 4/1993, de 14 de abril, de servizos sociais.
- Decreto 243/1995, do 28 de xullo, polo que se regula o réxime e autorización e acreditación de centros de servizos sociais
- Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regula os centros de atención primaria.
- Orde, do 18 de abril de 1995, pola que se regulan as condicións e requisitos específicos que deben cumprí-los centros de atención a persoas maiores.
- Orde, do 29 de febreiro de 1996, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de menores e de atención a infancia.
- Orde, do 6 de novembro de 2001, pola que se modifican os requisitos específicos dos centros de menores e de atención a infancia.

SOCIOCULTURAL

- Lei 4/1993, de 14 de abril, de servizos sociais.
- Decreto 243/1995, do 28 de xullo, polo que se regula o réxime e autorización e acreditación de centros de servizos sociais
- Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regula os centros de atención primaria.
- Orde, do 18 de abril de 1995, pola que se regulan as condicións e requisitos específicos que deben cumprí-los centros de atención a persoas maiores.
- Orde, do 29 de febreiro de 1996, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de menores e de atención a infancia.
- Orde, do 6 de novembro de 2001, pola que se modifican os requisitos específicos dos centros de menores e de atención a infancia.

DOCENTE

- Orde, do 29 de febreiro de 1996, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de menores e de atención a infancia.

1.4.5 INFRAESTRUTURAS VIARIAS

As estradas e os terreos adxacentes estarán suxeitas a seguinte normativa sectorial ou a que a complemente ou substitúa, nas que contemplase os terreos resultantes da afección do ámbito suxeito á dominio público, afección, servidume, así coma o establecemento das liñas de edificación contemplados pola seguinte normativa sectorial ou a que a complemente ou substitúa.

ESTRADAS

- Lei 25/88, de 25 de xullo, de estradas do estado.
- Real decreto 1812/94, de 2 de setembro, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas.
- Lei 4/94, de 14 de setembro, de estradas de Galicia

1.4.6 INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS

Enténdese por sistema xeral de infraestruturas e servizos o constituído polas redes de abastecemento, saneamento, recollida e tratamento de residuos e enerxía eléctrica ó servizo predominante do conxunto da poboación.

O sistema xeral de enerxía eléctrica está constituído polas redes de alta tensión, e os transformadores, os cales están afectados polas zonas de dominio público, afección, servidume, así coma o establecemento das liñas de edificación contemplados pola normativa sectorial ou a que a complemente ou substitúa.

- Regulamento de L.A.T. 28 de Novembro do 1968
- Lei do 18 de Marzo de 1966
- Decreto do 20 de Outubro do 1966

1.4.7 ELEMENTOS PATRIMONIAIS

Os elementos patrimoniais catalogados no PXOM se regulan polas disposicións contidas nas seguintes Leis:

- Decreto 571/1963, de 14 de Marzo (se protexen os escudos, emblemas, etc...)
- Lei 8/1995, de 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, regulación da actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma Galega.
- Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos Camiños de Santiago.

- Lei 16/1985 del Patrimonio Histórico Español,
- Decreto 45/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia do Camiño de Santiago.
- Decreto 209/2002, do 13 de xuño, polo que se modifica o Decreto 45/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia do Camiño de Santiago.
- Normas Subsidiarias e Complementarias Provinciais
- Decreto 449/1976, de 22 de febreiro, polo que se colocan baixo protección do estado os "hórreos" ou "cabazos", antigos existentes en Asturias e Galicia.
- Decreto 571/1963, de 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pedras similares de interese histórico artístico.
- Decreto 22 de abril de 1949, sobre protección dos castelos españois.

1.4.8 PLANEAMENTO DO CONCELLO.

Planeamento xeral

O Planeamento xeral ven definido polas Normas Subsidiarias redactadas no ano 1991, que posteriormente sufriron diversas adaptacións a través de sucesivas modificacións puntuais, sendo unha delas, no 2004 unha modificación para desenvolver o parque empresarial existente hoxe en día:

- N.S.P.
- M.P. NSP VARIAS, REVISION E ADAPTACION
- M.P. NSP NA INTERSECCION AVDA A CORUÑA, RUA DA CHOUZA
- M.P. NSP PARA NOVA LOCALIZACION DO PARQUE EMPRESARIAL. MONTE DA GANDARA BAIUCA


No que atinxe ó planeamento de desenvolvemento, realizase posteriormente á modificación puntual un Plan Parcial, así como un estudio de detalle

Planeamento de desenvolvemento

- P.P. SUB-P-I. PARQUE EMPRESARIAL

1.5 FISIOGRAFÍA

O Concello de Friol se estende polo extremo centro-occidental da provincia de Lugo, desde a Dorsal montañosa ata a meseta central lucense. En consecuencia as dúas principais unidades de relevo son: -as alienacións montañosas do sector occidental e a propia meseta. Polo que respecta as dúas primeiras, (Cova da Serpe, Corno do Boi, Serra de Careón), tienen unha orixe tectónico -procedentes dun bloque levantado de penichaira-, de ahí as súas formas suaves e aplanadas.



O municipio de Friol, segundo Piar de Torres Lúa, atópase xeograficamente adscrito a dúas unidades de relevo das Serras Centro Occidentais. A Número galega e La Galicia Oriental dentro a Galicia Interior, entendéndose por tal o amplo territorio delimitado polas serras centro-occidentais, setentrionais e orientais e suroriental.

Dentro da primeira as Serras de Cova dá Serpe e Careón, que se achán mais ao sur dominan os materiais graníticos, xistos e ollo de sapo. Dende o punto de vista morfolóxico domina a suavidade cun basculamiento claro cara ao leste.

O pico Cova, a 841 m, é a súa máxima cota. O nivel de cumios pode relacionalo coa superficie de aplanamento a 80 m aparecendo o situado a 70 m, bordeando aquel.

A medida que camiñamos cara ao sur o relevo faise mais movido e diversificado, obsérvanse con maior frecuencia a presenza de bloques ergueitos e afundidos; as serras centro occidentais ramifícanse e adquiren un maior volume, a relación serra/val faise máis nítida co que nos atopamos reás aplanadas, vales profundos, cristas rochosas que se encadean.

Respecto á segunda, amplo territorio delimitado por serras centro-occidentais, setentrionais e orientais e sudorientais, Friol atopa próximo ao sector de Terra Cha, depresión central limitada por fallas. A diferenza de altitude entre o nivel de aplanamento inferior e a depresión é moi pouca sendo o seu enlace suave, iso posiblemente virase favorecido polo modelado do glacis que dende os bordos da depresión descenden cara ao centro ou cara ao sur.

1.5.1 Altitudes.

A acción fluvial mais nitida cara ao sur, debido ao Miño e aos seus afluentes, orixinou un relevo pouco ondulado coa presenza de pequenos outeiros. Non obstante, máis alá de Rábade, e sobre todo en Lugo capital, o encaixamento do río vaise facendo cada vez maior.

É precisamente a partir de aquí dende onde o medio se fai mais contrastado. Por un lado aparecen tres niveis aplanados un a 60 m, que se achega cara a Friol; outro a 80 m, entre Parga e Narla e, un terceiro a 70 m que aparece bordeando as terras de Friol cara a Carlín, Nodar, Pacio, Guntn ou Castrolzaro, introducíndose cara ao Leste, por Pol e Lán cara.

1.6 XEOLOXÍA.

Os datos aquí resumidos foron extraídos do Mapa Xeolóxico de España E1 50.00 (IGME) nas follas n72 07-06 (LUGO), 71 06-06 (SOBRADO DOS MONXES), 96 06-07 (ARZÚA).

O termo Municipal de Friol posúe morfoloxía diversa e sumamente contrastada entre a zona occidental e a meridional. Posúe unha forma accidentada dominante Número galega, onde se atopa o punto altimétrico mais importante Cova (841 m). Esta formación constitúe un elemento xeomorfolóxico destacable.

1.6.1 Estratigrafía

Nos esquemas tectónico da Follas a E1 :250.00 e nos Esquemas Rexionais E1 1.000.00 se observan materiais do Precámbrico e do Ordovícico.


Entre os materiais do Precámbrico existentes na zona destacan:

Cuarcitas. propias da serie de Alba e Vilalba.

Na zona Norte e Oeste existen materiais do Dominio Ollo de Sapo.

1.6.2 Litoloxía


Dun xeito maioritario temos unha ampla representación dos sedimentos de orixe aluvial procedentes da época cuaternario no Concello, coincidindo cas áreas mais chans e fértiles. Segundo a figura de abaixo, temos dita situación na área noroeste (cor gris), mentres que a cor verde e rosa pertencería a rochas metamórficas e graníticas.



- Básicas e ultrabásicas
- Carbonatadas
- Detríticos Cuaternarios
- Detríticos Terciarios
- Filonianas
- Graníticas
- Metamórficas

1.6.3 Hidroxeoloxía.

A elevada presenza de rochas de orixe plutónico e metamórfico proporciona unha baixa drenaxe na conca. Tan so nos vales dos principais ríos (Parga e Narla), xurden os restos sedimentarios dos ríos que proporcionan unha elevada corrente de auga subterránea.



- Permeabilidade alta
- Permeabilidade media
- Permeabilidade baixa
- Permeabilidade media -alta
- Permeabilidade media -baixa
- Permeabilidade moi baixa
- Impermeable




1.6.4 Concesións mineiras

O Concello de Friol ten importancia desde o punto de vista xeolóxico. Existen multitude de explotacións mineiras, adicadas ó aproveitamento dos distintos recursos xeolóxicos e de augas, tla e como amosan a alta demanda de concesión mineiras, nas seccións A, B e C.

Os ámbitos atópanse grafados no plano nº16. Axúntase informes da Administración competente sobre a relación de dereitos e concesións vixentes no ámbito do Concello (Ver ANEXO).

1.7 HIDROGRAFIA.

En canto ás augas, o territorio aparece drenado polas cuncas dos ríos Parga (ao N), Narla (no sector central e meridional) e o Ladra, tributario do primeiro.



1.7.1 O río Parga e Ladra

O primeiro, que nace na serra de Cova dá Serpe e no Cordal de Montouto, recolle as augas do sector setentrional do municipio, fundamentalmente as que descenden do Cordal de Ous. Ao río Parga verquen os ros Roimil, Anxeriz, Saa e outros de menor importancia.

1.7.2 O Río Narla

O segundo descende dende Toxo, nas vertentes de Corno de Boi, e é o río mais representativo de Friol; recolle as augas das elevacións circundantes, especialmente do Cordal de Ous, vertíndolas no Mio por terras de Ombreiro.

Aflúen á súa canle o Lodoso, O Ro Pequeno e Viveiro; o Lobengos que recolle as augas dos regueiros de Portomalvestas e de rocha, o Serén e o Lambas. O Ladra xorde da unión do río Magdalena, que vén dende a

Serra de Carba e o Trimaz que se unen cerca de Vilalba. En Pacios únense ao Ladra e o Parga.

Estas subcuncas hidrológicas caracterízanse, ao igual que tódalas da vertente atlántica, pola súa amplitude morfolóxica e pola grande densidade da rede fluvial.

1.7.3 O plan Hidrolóxico

Respecto ao Plan Hidrolóxico Norte I, dito Organismo na zona de estudio advirte que:

1. Non existen zonas inundables declaradas, puntos negros nin zonas de maior risco fronte a avenidas. Normas 2.1.5.1.5. a2.1.5.1.7.
2. As condicións que deben cumprir as obras no Dominio Público Hidráulico son as xenéricas e enumeradas na Normas 2.1.5.1.8 a

Río Narla entre Vilapedre e A Ponte

1.7.1 Riscos por inundación

A Directiva 2007/60/CE relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación reconece a existencia dentro do territorio da comunidade Europea, diferentes tipos de inundacións, polo que no ámbito da Confederación Hidrográfica do Norte desenvólvese o Plan de Cauces, integrado na Directiva 'Marco del Auga', no que se delimita as chairas aluviais expostos ós efectos das inundacións durante as avenidas, denominándose Corredores fluviais.

As chairas aluviais que forman os ríos Parga e Narla o seu paso polo Concello, son terreos xenéticamente expostos a inundacións durante as avenidas. Dentro das chairas aluviais existen sectores adxacentes ós cauces que debidos as súas características xeomorfolóxicas se atopan afectado con frecuencia polas inundacións, sendo ademais responsables de evacuar a meirande parte dos líquidos e sólidos durante as avenidas.

O sectores de chairas aluviais atópanse definidos dentro de dos anexos do protocolo da estratexia nacional de ríos, e acadan unha superficie no Concello de 2.67 Km².

Así mesmo delimitase outro ámbito, co obxecto de protexer os ecosistemas fluviais e completando así a anterior delimitación dos corredores. Dito espazo denominarase 'Ámbito de Protección específica do Medio Fluvial'.

Delimitanse dous corredores fluviais, un para o Río Narla e outro para o Río Parga, cas súas respectivas áreas de protección específica do medio.

1.7.2 Captacións

As captacións de saneamento realízanse a través de mananciais, sendo este moi abundantes no Concello e de boa calidade. Non se atopan identificadas a totalidade das captacións.

1.7.2.1 Calidade das augas

Segundo o Plan Hidrolóxico Norte I, el Río Parga ten problemas graves de contaminación, pero en ámbitos localizados fóra do Concello, o seu paso polas poboacións de Pobra de Guitiriz e Vilalba.

Para o río Narla detectanse problemas na época de estiaxe, acadando unha calidade mínima o río tralo seu paso pola localidade de Friol.

1.7.3 Verquidos as augas.

Asegundo os datos aportados pola CHN, o Concello de Friol ten autorizados diversos verquidos ó medio fluvial, sendo os de maior importancia os localizados no núcleo urbano de Friol.

Con data de abril do 2.008, a CHN resolve revisala autorización de verquido outorgada polo Concello, aprobando un programa de redución da contaminación no que se reflicten diversas actuación que debería de levar a cabo o Concello.

Na actualidade existen dúas estacións depuradoras no Concello, por un lado unha mais antiga que recollía as augas do núcleo de Friol, e outra realizada tamén no ámbito do solo urbano co obxecto do desenvolvemento do polígono industrial. Ambos verquidos realízanse o río narla.

1.8 CLIMA

Para a caracterización climática do municipio extraéronse datos do Anuario Climatolóxico.2000. A estación seleccionada é a de Camus Lugo (Lugo).

As súas características son:

Denominación Observatorio Campus Lugo

- UTMX-29 t 592574
- UTMY-29 t 4769550
- Altitude 545 m
- Instalación 1991
- Observacións diarias.


RESUMO ANUAL

Tª media:	11.5 °C
Tª máx. media:	17.7 °C
Tª mín. media:	6.6 °C
Tª máx. absoluta:	35.3 °C
Tª mín. absoluta:	-9.0 °C
Humidade estándar:	79 %
Precipitación total:	800 mm
Horas de sol:	-
Irradiación media diaria:	-
Índice UV máximo:	-
Velocidade media vento:	1.6 m/s


A continuación reflíctense os datos ofrecidos polo devandito observatorio no referente a precipitacións, temperaturas, ás como fenómenos climatolóxicos secundarios.

1.8.1 Datos de temperaturas.

As temperaturas reflexan unha elevada oscilación térmica entre as mínimas e máximas absolutas, deixando un período libre de xeadas bastante amplo, desde maio ata outubro.




1.8.2 Datos de precipitacións.



Dentro dos meses invernais as precipitacións máximas corresponden a Decembro, similares ás precipitacións de Abril. Nos meses considerados convencionalmente como de verán as precipitacións máximas preséntanse en xullo e as mínimas en agosto. Non hai meses sen chuvias.


Como no resto da Galicia central o réxime de chuvias é mínimos estivais e máximas invernais. As equinocciais son maiores en primavera nos vales mais abertos á influencia oceánica occidental.

O balance hídrico reflicta un déficit nos meses de Xuño, Xullo, Agosto e parte de setembro, no que se realízase a recarga dos acuíferos e da reserva do solo.



A humidade é elevada durante todo o ano, incluído nas épocas estivais, xeneradas polos abundantes vales que recorren o Concello.

1.8.3 Os ventos



A velocidade media do ventos soe ser bastante baixa en tódalas direccións, existindo unha predominancia ó compoñente norte.

1.8.4 Clasificación climatolóxica

O municipio aparece pois situado nun lugar de transición entre o dominio oceánico-continental, que reina en A Terra Cha (caracterizado por unha temperatura media relativamente baixa (Outeiro de Rei, 12 C; Lugo 12 C), precipitacións próximas aos 90 mm (Outeiro de Rei, 868 mm), sendo as de Neves Normais, con abundantes días de xeadas, etc.), e o dominio oceánico-húmido, con temperatura media e precipitacións ms elevadas.

Non obstante, as serras occidentais danlle un matiz novo ao clima ao servir de parede protectora contra os ventos húmidos do oeste, atopándose cun descenso de precipitacións e temperaturas de oeste a este.

1.9 EDAFOLOXÍA:

Existe unha ampla bibliografía de estudos edafolóxicos realizados para a provincia de Lugo e a zona de O Courel sobre a que realizase unha revisión, o que sumado ó traballo de campo ha vale para concluí-la seguinte información.

1.9.1 Factores formadores dos solos:

O propio relevo do terreo constitúe o principal factor formador, xa que as variables climáticas (precipitación e temperatura) sofren cambios importantes en función do posición orográfica. A existencia de fortes pendentes e material pouco drenante, xenera unha intensa perda de auga por escorrenta, ademais do lavado do solo típico de clima húmido galego, produce unha importante perda de nutrientes.

A presión antrópica se reflexa na zona agropecuaria do Concello, e pode considerarse como o único factor erosivo existente en ese área.

1.9.2 Tipos de solos.

1.9.2.1 Clasificación da Soil taxonomy

Os solos, como na meirande parte de Galicia son de tipo acedo, destacando na depresión a existencia de solos hidromorfos tipo *gley*, *pseudogley* e os *solos orgánicos*. No resto do zona aparecen as *terras pardas* (solo climax da zona), solos *ránker* e *protoránker* (nas áreas de alta pendente).

1.9.2.2 Clasificación da FAO

Segundo a clasificación da FAO serían solos de tipo *histosoles* e *gleysoles-fluvisoles* nas zonas máis baixas da chaira e propias das zonas de chaira aluvial, no extremo noreoeste do Concello.

Pola contra os *cambisoles dísticos* e *regosoles* predominan no concello e no resto territorio. Os solos da comarca soen ser de tipo areoso e de baixa fertilidade.


1.10 ESTUDIO DE VEXETACIÓN .

A vexetación é un dos principais elementos do medio físico que conforman a paisaxe e definen o uso e estilo e vida da poboación, herdando un factor histórico nela. A isto podemoslle engadir o papel ecolóxico, desde función biolóxicas ata protectoras.

1.10.1 Encadre bioxeográfico.

1.10.1.1 Bioxeografía:

O encadre bioxeográfico basase na descrición de unidades do territorio a partir da distribución das especies e das comunidades vexetais. O Concello de Trasmiras, segundo a clasificación de Rivas Martínez (1984), circunscríbese no seguinte marco:



Reino Holártico

- Rexión Eurosiberiana
 - Provincia atlántico-europea
 - Subprovincia atlántico-cantábrica
 - I. Sector Galaico-Asturiano
 - II. Sector Galaico-Portugués
 - Subprovincia Orocantábrica
 - III. Sector Laciario-Ancarense
- Rexión Mediterránea
 - Provincia mediterráneo-iberoatlántica
 - Subprovincia carpetano-leonesa
 - IV. Sector ourensán-sanabrés

Rexión Eurosiberiana

Provincia Atlántico-Medioeuropea

Subprovincia Atlántica

Sector Galaico-Portugués.

1.10.1.2 Bioclimatoloxía e pisos bioclimáticos:

A flora e vexetación vascular do territorio abranguido dentro do T.M. de Friol corresponde ao tipo Atlántico e vén determinado por formacións climáticas caducifolias temperadas sobre substratos ácidos, pobres en bases, ademais de formacións arbustivas de tipo ericoide.

Dende o punto de vista corolóxico atopamos na rexión Eurosiberiana, provincia cantabroatlántica, sector galaico-portugués, subsector Xuresiano-Queixense.

Na descrición das comunidades atopáronse os seguintes pisos bioclimáticos e ombroclimas:

Rexión eurosiberiana Temperaturas medias Altitud

Piso colíño >11 C < 400-50 m

Piso montano 7 -11 C 500-1.40 m

Ombroclima húmido 1.00- 1.60 l/m2 ao

1.10.2 Evolución da vexetación

As agrupacións vexetais de porte arbóreo, que ocupan a maior extensión do territorio corresponden á Fraga ou bosque autóctono pluriespecífico, na que domina o carballo (*Quercus robur*), acompañado de diversos fanerófitos (*Castanea sativa*, *Betula celtiberica*, *Hacer pseudoplatanus*, *Ilex aquifolium*, *Pyrus cordata*, etc), os cales adoitan representar unha baixa proporción da cobertura. Ademais destas fragas, no territorio preséntanse formacións de rebirlo (*Quercus pyrenaica*), bidueiro (*Betula celtiberica*), castieiro (*Castanea sativa*), ameneiro (*Alnus glutinosa*).

No plano correspondente as teselas de vexetación poden corresponder a varias das agrupacións que se describen a continuación, pero que debido á súa escasa superficie ou presentarse como mosaicos, tiveron que ser reunidas para poder ser representadas, dando unha mancha con agrupacións cun nivel evolutivo similar.

Unha parte das devanditas agrupacións corresponden a comunidades climáticas ou permanentes aínda que a acción de determinados axentes provoca a súa alteración e a regresión no nivel evolutivo. Entre outros temos:

1. - O home por medio da curta do arboredo para a obtención de madeira, trasmoches para o aproveitamento de leas, recollida de matogueira, etc.

2. - Os animais domésticos ovellas, vacas, cabras e cabalos, tanto os que se cran en pasteiros como aqueles que pastan libremente no monte, poden alimentarse de rebrotes de especies leñosas.

3. - O lume tanto de orixe natural (escaso) como os incendios provocados, destrúen as cubertas arbustiva e herbácea, e mesmo a arbórea, provocando retencións e retrocesos na dinámica da vexetación, potenciadas polas subseguintes erosións do chan.

Por todo iso as comunidades descritas no territorio atopan nun estado moi distinto ao que se vai describir, principalmente as arbóreas, que presentan un talle menor faltándolles algunhas das especies características ou presentando certo número de plantas correspondentes a etapas previas á súa dinámica natural. Tal será o caso de carballeiras que presentan un bo número de especies das clases Calluno-Ulicetea (uzeiras-toxeiras).

Del mesmo modo que sobre estas é frecuente observar, no medio da formación individuos de carballos ou rebirlos de 1-2 m, debido a que o período transcorrido dende o último incendio foi tal que permitiu o suficiente crecemento da masa de matogueira como para que as condicións sexan as axeitadas para o desenvolvemento de especies arbóreas.

1.10.2.1 Vexetación potencial

Nas ribeiras dos ríos a vexetación potencial corresponde ás geoseries riparias. Concretamente, os bosques de galera pertencen á alianza *Alnea glutinosa*, coa presenza de especies arbóreas como ameneiro e bidueiro.

Dúas asociacións *Careto-pendulae-Alnetum* e *careto levigatae-Alnetum* predominan nestes bosques chamados de galera ou de ribeira.

De acordo co anterior e relacionando as comunidades que se van describir cos niveis de organización ou niveis evolutivos propostos (N-= máxima evolución e diversidade; N-= desertos) temos:

N-9Fragas con ampla mestura de especies arbóreas.

N-N-8Carballeiras ben conservadas de *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* (*Blechno-Quercetum roboris*, *Vaccinio-Quercetum roboris*) así como algunhas fragas con castiñeiro, bidueiro e rebirlo.

N-N-7Las carballeiras e fragas anteriores, pero alteradas por accin o home, pastoreo ou lume, ás como mesturas entre elas, ademais das reboleiras (*Holcomolli-Quercetum pyrenaicae*) e amenedos (*Senecio bayonnensis-Alnetum* e *Valeriano pyrenaicae-Alnetum*).

N-N-6Reboleiras repetidamente queimadas, acebedas, bidueirais (*Luzulo-Betuletum pubescentis*), soutos.

N-N-5Correspondientes aos salgueirais, silveiras (*Rubus ulmirolii-Tametum communis*), algúns prados con *Nardus stricta*, brañas (com. *Ulex galli* e *Erica scoparia* e *Genisto berberideae-Ericetum tetracillis*) e mesturas de caducifolios, subesclerofilos, perennifolios e aciculifolios.

N-N-4Las uzeiras-toxeiras (*Ulici europaei-Ericetum cinerae*), xesteiras (*Cytiso scopari-Genistetum polygaliphyllae*), prados de dente, xunqueiras e piñeirais e eucaliptais con rebrotes de caducifolios no seu sotobosque.

N-3-2 Toxeiras-uzeiras e xesteiras recentemente queimadas pero xa repoboadas, ás como mosaicos matogueira-pasteiro (pasteiro leñoso mixto), piñeirais, eucaliptais e prados de sega.

N-N-1Correspondiente a pasteiros de terófitos, xaramagales, comunidades ruderal e outras de escasa estrutura pero grande biomasa (megaforbios).

N-N-0Corresponde ás zonas de roqueda, repetidamente queimadas en que desapareceron a cuberta vexetal e o chan orgánico.

1.10.2.2 Vexetación actual

Bosques de *Quercus robur* (carballeiras)

Na folla destácanse formacións de carballos de N-8-7 con dominio de carballos mesófilos, fragas diedricas de *Quercus robur* e *Betula celtiberica* de N- 8-7 con dominio e carballos mesófilos e fragas poliedricas de N-8-8. Hai algunhas formacións moi ben conservadas.

O estrato arbustivo e herbáceo destas formacións é variado e abundante debido á iluminación, dispoñibilidade de auga e achega de humus que facilitan estes bosques. A serie regresiva conduce a breixeiras, escobóns e tojos sobre chans mais pobres e en etapas mais avanzadas de degradación aparecen os piornales (*Cytisus scoparius* e *genista florida subsp. Polygaliphylla*). Estas carballeiras son obxecto de protección segundo a Directiva Hábitat como ecosistemas de especial interese para mantemento da biodiversidade.

Agrupacións de *Castanea sativa* (Soutos)

Derivadas do cultivo para o aproveitamento das castañas e da madeira, polo que a súa fisionomía e composición florística están determinadas por este feito. O seu ancestral cultivo e aproveitamento vironse alterados por dous factores o cambio dos costumes alimentarios da poboación galega polo cultivo da pataca e a incidencia da enfermidade da tinta dende finais do século pasado.

A maior incidencia da enfermidade tivo lugar nas partes baixas, fundamentalmente debaixo dos 50 m de

altitude.

Este decaemento das castiñeiras favoreceu a recuperación das carballeiras ou a plantación de especies de quendas curtas (*Pinus pinaster*, *P. radiata* e *Eucalypto globulus*).

Hoxe en dá moitas dos repoboacións realízanse con híbridos entre *Castanea sativa* e *C. crenata* que se considera resistente á tinta.

A posición sintaxonómica dos soutos non está clara debido en primeiro lugar á grande cantidade de especies ruderal, froito das técnicas culturais para o seu aproveitamento. En segundo lugar, os diferentes territorios onde se cultivou os castiñeiros, posúen comunidades climáticas propias, o que favorece esta dificultade de asignalas a unha ou outra comunidade.

En xeral a súa estrutura presenta dous estratos moi desenvolvidos, o fanerofítico dunha altura de 15-2 m e unha cobertura do 50-6%, con pés moi dispersos (1 x 10, 12 x 12) trasmochados entre 2 e 4 m de altura e enxertados con pas de diferentes cultivares de froito (Fernandez López, 1984) e un estrato herbáceo, con predominio de hemicriptófitos e camófitos, ás como algún terófito pero con cobertura media.

O feito de que os soutos dunha bisbarra están constituídos por solo dous ou tres cultivares, supón unha restrición que non debe esquecer ao considerala como especie forestal.

A pesar da súa orixe antrópica podemos atopala acompañado de especies propias da asociación como *Quercus pyrenaica*, *Betula celtiberica*, *Cytisus scoparius*, *Pteridium aquilinum*, *Hedera helix*.

Bosques de *Betula celtiberica* (Biduedos)

Especie que se desenvolve dende o nivel do mar ata unha altitude de 1.90 m. A pesar do seu carácter pirofítico e heliófilo considerouse que as súas agrupacións no límite superior dos bosques caducifolios representan o clímax sobre chans ácidos.

En altitudes entre 400-90 m dentro do piso montano inferior de ombroclima húmido desenvólvese un tipo de abedular non climático (*Holco molli-Betuletum celtibericae*) que non adoita alcanzar grandes superficies. A altura media do estrato arbóreo vén a ser de 10-15 m e o calibre arbóreo de 10-2 cm cunha cobertura elevada; o estrato arbóreo ten unha cobertura superior ao 5%. Esta comunidade vén asociada ademais ao *Quercus robur*, *Salix atrocinerea*, *Pteridium aquilinum* e ao *Alnus glutinosa* e *Salix atrocinerea* formando comunidades ribeirás en todos os ríos e regueiros.

Bosques de *Alnus glutinosa* (Amenedos)

Nos bordos de regueiros e ríos, nos lugares onde as raíces das árbores se manteñen permanentemente encharcadas, cunha variación estacional da capa freática de 1-2 (3) m se sita o bosque de galera (*Senecio bayonnensis-Alnetum glutinosae*) que se desenvolve no piso colíño e chega ao montano inferior de ombroclima húmido e hiperhúmido. Presenta tres estratos o arbóreo ten unha cobertura variable (50-9%) e unha altura de 10-2 m, mentres que o herbáceo ten tamén unha cobertura alta con abundancia de hemicriptófitos.

Os chans sobre os que se sita son limosos ou gley, sobre substratos graníticos ou esquistosos, onde se acumulan os nutrientes por arrastre ou infiltración de augas ao baixar polas abas.

Os taxóns que forman esta comunidade son en dominancia *Alnus glutinosa*, *salix atrocinerea*, *Osmunda regalis*, e *Fraxinus excelsior* e *Betula celtiberica* con presenza arbrea.

E as zonas interiores dentro do piso montano inferior do ombroclima hmedo, desenvólvese outro tipo de amenedo (*Valeriano pyrenaicae-Alnetum glutinosae*) cunha estrutura en dous estratos o arbóreo cunha cobertura case total e unha altura de 10-2 m, con fuste recto, mentres que no estrato herbáceo a cobertura adoita ser menor con abundancia de fentos e megaforbios. Aséntase sobre cúmulos de cantos rodados e areas, con materiais finos lamacentos que se depositan entre aqueles nas zonas onde se remansa a corrente, presenta ao igual que o resto destas comunidades grande afinidade hídrica.

É frecuente encontrar intercalada coa anterior unha comunidade arbórea baixa (Com. *Salix atrocinerea*) dunha altura 3-5 m e unha cobertura media (50-7%) cunha ecoloxía similar aos amenedos, presentando as mesmas especies no seu cortexo.

As comunidades riparias proporcionan unha serie de beneficios e entre outras moitas funcións axudan a manter o equilibrio ecolóxico constituíndo refuxio de numerosas especies, actúan como cortaventos suavizando o rigor dos elementos climáticos, protexen o chan da erosión e á canle da acción erosiva das correntes. Constitúen hábitats protexidos pola Directiva Hábitat.

Repoboacións de *Pinus radiata* e *Pinus sylvestris*. (Piñeirais)

Os piñeirais son formacións do xénero *Pinus* realizadas fundamentalmente con fins de obtención de madeira de serra ou madeira de industria. Na zona de Friol estes repoboacións son menos importantes na paisaxe, podendo considerarse os 80 m de altitude como o límite para *Pinus pinaster* e *P. radiata*, mentres que o *P. sylvestris* atopa o seu mellor hábitat ata os 1.50 m.

Como plantas pirófitas os piñeiros e tamén os eucaliptos rexenéranses doadamente despois dos incendios polo que adoitan desprazar outras formacións arboladas. Tanto o *P. pinaster* como o *Eucalyptus globulus* son especies de luz, de copas claras, que se presentan en rodaís coetáneas ou con escasa mestura de idades presentando un estrato arbustivo de ericifruticeta no que predominan especies helifitas, acidófilas, oceánicas, frugais e pirófitas.

O sotobosque presenta abundantes brinzales de carballo, castiñeiro, herbedo etc que nos indica a evolución destes piñeirais se non interviñese a man do home.

Nas partes baixas o piñeiral (*Ulici europaei-Ericetum cinereae subassoc. Pinetosum pinastris*) corresponde a unha breixeira á que se lle engadiu un estrato arbóreo, este último de altura variable segundo a idade da masa.

En cambio o estrato inferior ten unha cobertura alta, ás veces total. As especies presentes nesta comunidade son a parte doutras *Ulex minor*, *Erica cinerea*, *Calluna vulgaris*, *Pteridium aquilinum*, *Ulex europaeus*.

Os repoboacións de *P. radiata* son similares ás de *P. pinaster* pero ao ser de copa mais pechada, diferéncianse destas pola menor biomasa no estrato arbustivo pola incidencia menos da luz.

Ademais dos brinzales de carballo (*Quercus robur*) é frecuente a presenza de xestas (*Cytisus scoparius*, *C. striatus* e *C. multiflorus*) e codéasvos (*Adenocarpus complicatus*), ademais doutros nanofanerfitos (*Pyrus cordata*, *Crataegus monogyna* e *Frangula alnus*).

Repoboacións de Eucalipto globulus (Eucaliptais)

Ao igual que o piñeiro bravo o eucalipto diminúe a súa presenza cara ao Leste e ao pasar de 50 m de altitude.

O eucaliptal (*Ulici europaei-ericetum cinereae subassoc. Eucalyptetosum globuli*) presenta tres estratos o superior ten unha altura e cobertura que dependen da idade do repoboación, o medio e inferior teñen unha cobertura media a alta, cunha composición similar ás dos piñeirais de *Pinus pinaster* e *P. radiata* variando nicamente a especie arbórea utilizada na repoboación.

Estes repoboacións teñen escasa representatividade no municipio debido á elevada altitude media da súa orografía.

1.10.2.3 As formacións arbustivas

Representan os tipos de comunidades que ocupan unha maior extensión no territorio, principalmente as toxeirais. Este tipo de formacións son de grande importancia na dinámica da vexetación para a recuperación

dos bosques autóctonos.

Sebes de bordos de camiños e cultivos (silveiras)

Agrupación vexetal de espiños e silvas (*Rubus ulmifolii-Tametum communis*) que se desenvolve nos pisos colíño e montano baixo o ombroclima húmido. Esténdense as silvas (*Rubus spp*), roseiras (*Rosa spp.*) e outras enredadeiras non espiñentas, de altura media 2-3 m. Desenvólvense sobre chans profundos algo húmidos. Esta agrupación localízase preferentemente en bordos de prados, cultivos, camiños, orla de bosques, etc.

Formacións de xesteiras (genistas)

Agrupación vexetal do piso colíño ombroclima húmido (*Ulici europaei-Cytisetum striati*) de media altura 1,5-3 m e unha cobertura elevada formada polo toxo macho e a xesta. Presenta un estrato herbáceo de fento común *Pteridium aquilinum*. Os chans son bastante evolucionados e ricos en Nitróxeno. O pastoreo de gando favorece o empradizamiento do estrato herbáceo.

Ademais outros tratamentos como a sega, sobre todo en altitudes medias e en exposicións de solaina, alteran esta comunidade, dando lugar a outra xesteira (Com. *Cytisus multiflorus*) na que hai dominancia da xesta branca á que adoita acompañar a xesta negra (*Cytisus scoparius*), presentando o conxunto unha ampla cobertura e unha altura algo menor 1-2 m.

Matogueiras de Leguminosas espiñentas, Cistáceas e Ericáceas (Toxeiras)

Son comunidades moi alteradas por efecto dos incendios, presentando todas as variacións en estrutura, biomasa dende o momento posterior ao incendio e a entrada de especies mais esixentes. Debido á combinación de lume-pastoreo, frecuentemente obsérvase unha agrupación de pasteiro-matogueira, estes últimos cun número baixo de especies.

A súa composición florística é *Ulex europaeus* en mestura formando tojal mixto, *Ulex minor*, *Ulex europaeus* e breixeira, *Ulex minor* e breixeira xerófito mixta.

Matogueira de Ericáceas higrófilas (Brañas)

Son aquelas comunidades que se desenvolven en zonas nas que a drenaxe da auga está impedida, manténdose encharcadas case todo o ao, o que produce unha acumulación de restos vexetais. Esta condicionada á topografía do terreo e raramente aparece en superficies superiores á media hectárea.

1.10.2.4 Comunidades herbáceas

Prados de sega

Os prados representan unha parte importante da cuberta vexetal do territorio. O factor primordial que define as súas características é o grao de humidade edáfica e o tipo de substrato.. Poden ser naturais en fondos de val pouco drenados e en bordos de regueiros, ou artificiais nos cales o rego substitúe a achega natural da auga.

Os prados son unha comunidade de grande complexidade fitosocioloxía, debido tanto á acción do home como aos efectos do exceso de humidade, observándose no campo múltiples comunidades intermedias.

Nos prados pódense distinguir dous grandes grupos de sega e de dente, aínda que a zona que nos corresponde ao ter altitudes inferiores a 1.00 m a predominante é a de sega. Aínda que a pesar da súa notable extensión, a súa superficie individual adoita ser pequena, atopándose mesturada con outros tipos de formacións e cultivos.

Nos lugares con nivel freático mais baixo, nos pisos colíno e montano baixo, se sita a comunidade *Caro verticillati-Cynosuretum cristati* que presenta como todos estes pasteiros unha cobertura total e unha altura de 0,5 m, desenvolvidos sobre chans ácidos derivados de lousas ou gneis. Son de composición florística variada.

Nos afloramentos calcarios en zonas sen humidade edáfica notable, se sita outra comunidade de pasteiro (*Trifolio dubii-Malvetum mostachae*) de composición florística moi variable. Se aumenta a humidade freática ou o nivel é próximo á saturación durante todo ou grande parte do ano desenvólvese un tipo de pasteiro de baixa calidade pero alta produtividade.

1.10.3 Protección e conservación

Entre as especies arbóreas de presenza na Folla, nas que se destaca a súa necesidade de protección destacamos as comunidades de carballos sós ou asociados e os amplos soutos de castiñeiros.

No territorio a pesar da intensa actividade agraria debido ás favorables condicións topográficas que concorren en I, existen diversos lugares que presentan agrupacións vexetais dignas de ser protexidas e conservadas.

Á hora da súa protección haberá que estudar as accións (roza, pastoreo,etc...) para o mantemento das formacións dominantes.

Destacar que dentro das proteccións establecidas pola Rede Natura 2.000, e afectadas dentro do rea de estudio as correspondentes ao Parga-Ladra-Támoga, destácanse as especies de flora *Eryngium viviparum*

(cardo dá ribeira), *Luronium natans* (luronium), *Narcissus pseudonarcissus* ssp. *nobilis* (flor de San Xos).

1.11 ESTUDIO DA FAUNA

1.11.1 Introducción:

O estudo da fauna considerouse como base do estudo daqueles mamíferos, anfibios, aves, peces ou reptís que viven no medio ambiente natural, no que tras inventariar nun catálogo, describiuse a súa interacción co medio e as principais figuras legislativas de protección faunística, atendendo de forma especial ás especies cinxéticas.

1.11.2 Catálogo faunístico:

A caracterización biótica faunística constitúe conceptualmente o indicador da biocenose animal, sendo este de grande importancia para catalogar a calidade do hábitat.

Respecto á caracterización territorial, que mostra o posible índice de afección aos grupos faunísticos, tomáronse estudos referentes a áreas semellantes dentro da provincia de Lugo. Destacar que non se dispón de ningún estudo ou inventario específico deste rea.

Podemos distinguir catro hábitats faunísticos no que existen representacións e indicadores de fauna dentro da zona de estudo:

1. - Medio acuático senso stricto.- De grande presión antrópica, polo que quedan reducidos espazo ben conservados
2. - Ecotón ribereo.- ameneiros, bidueirais e salgueiros xunto con vexetación de extracto arbustivo e formacións palustres. Probablemente o medio máis interesante a nivel calidade faunística. Existen múltiples bosques de galera nun estado de conservación digno da súa protección.
3. - Medio agrícola e forestal. - Abundante en todo o territorio dado o carácter forestal e agrícola deste. Podemos destacar:

- 3.1. Masas de autóctonas,
- 3.2. Piñeirais en estado natural. - non se consideran as repoboacións de piñeiros, biocenoses faunísticas antrópicas de baixo interese. Neste espazo consérvanse especies de vertebrados importantes ás como especies animais de caza maior e menor.
- 3.3. Matogueira alta e medio con arboredo autóctono. - considéranse toxeirais, breixeiras e xesteiras,

etapas de degradación do bosque climácico e abundantes nos espazos en cumios e abas con baixa profundidade de chan e que aparecen como pequenas unidades illadas dentro dunha paisaxe agrogandeiro. A súa importancia é media respecto á súa reserva en especies vertebradas menores.

3.4. Mosaico de prados e cultivos con lindes e franxas arboradas. - importantes como zonas de alimento de fauna ás como refuxio e descanso.

3.5. Prados e pradarias estritamente de uso agrícola. - moi abundante en proximidades de núcleos rurais, son habitadas por grupos faunísticos acostumados á convivencia co home. Son zonas con alimentación abundante e permanente.

4. - Medio antrópico. - inclúense zonas do territorio de núcleos rurais, zonas hortícolas estremeiras, zonas degradadas e repoboacións en franxas a base de piñeiros ou eucaliptos. Nestas zonas abundan os grupos de vertebrados comúns e as especies oportunistas.

Destacar que na zona de estudo non se atopan especies nin de flora nin de fauna catalogadas como ameazadas según o RD 439/1990, de 3 de marzo, a excepción das especies faunísticas protexidas dentro dos LIC de Serra de Careón e LIC Parga-Ladra-Támoga e que resumimos a continuación:

LIC Serra do Careón: *Aegithalos caudatus* (ferreiro subelio), *Athene noctua* (moucho comn), *Cuculus canourus* (cuco común), *Sylvia undata* (papuxa montesa), *Turdus philomelos* (tordo galego), *Chiologlossa lusitanica* (salamántiga), *Lacerta monticola* (lagartixa de serra), *Lacerta schreiberi* (lagarto das silvas).

LIC Parga-Ladra-Támoga: *Galemys pyrenaicus* (anaco de almiscle), *Lutra lutra* (lontra), *Anas clypeata* (parrulo cullerete), *Anas crecca* (charneco), *Anas platyrhynchos* (alavanco real), *hilomachus pugnax* (liorteiro), *Tetrax tetrax* (sisón).

1.11.2.1 Fauna ameazada

Indicar ademais que os hábitats enumerados, tanto os protexidos pola rede Natura 200 como pola propia lexislación en materia de medio, son considerados valiosos e polo tanto cun merecido tratamento e protección integral. Referímonos ao medio ribeirán e a vexetación palustre asociada e, dentro do medio agrícola as áreas ocupadas por masas de autóctonas (con valores de alta calidade e elevada fraxilidade) ás como ás parcelas asociadas a lindes e franxas arboradas. Diagnose do estado actual da fauna

A principal ameaza á fauna é a continua **destrución dos hábitats**, a causa dos incendios, as concentracións parcelarias, a presenza de produtos químicos de uso agrario, a degradación das ribeiras fluviais etc...

Neste senso cómpre deter a destrución dos hábitats, iniciar programas de reforestación das terras incultas, comentar o uso de prácticas selvícolas preventivas así como favorecer a creación de corredores fluviais mediante a mellora e a restauración da vexetación ripícola.

1.12 PRODUCTIVIDADE AGRÍCOLA POTENCIAL.

1.12.1 Productividade agrícola.

O método proposto por Díaz-Fierros e Gil Sotres presenta un sistema de clasificación con distintas clases de aptitude en función das cualidades da terra. Os parámetros de clasificación son os seguintes :

- *Cualidades propias dos solos 'moi dificilmente modificables'*, en función da mecanización, pedregosidade e erosividade do solo.
- *Duración do período vexetativo*, determinada fundamentalmente en Galicia por o risco de xeadas. Todos os solos pertencen á zona P 'Pataca', cun risco de xeadas entre os 6 e 7 meses.
- *Réxime hídrico*, os autores determinan 9 clases, as catro primeiras para solos con exceso de auga, e a partir do clase 5, solos con déficit de precipitación.
- *Disponibilidade de nutrientes*, se distinguen cinco clases, desde moi boa a moi mala disponibilidad.

Nome	Superficie	Porcentaxe
AP44	311	1,07
AP64	3857,2	13,28
BP64	6453,4	22,21
CP64	605,4	2,08
CP74	3706,5	12,76
CP75	186,6	0,64
CP54	492,9	1,69
CP64	555,1	1,91
DP64	3074,8	10,58
DP74	160,3	0,55
EP64	263,2	0,9

Nome	Superficie	Porcentaxe
EP74	772,9	2,66
EP84	1746,7	0,6
EP85	1150,9	3,96
ET53n	440,3	1,51
FP74	181,8	0,62
FP84	2828,8	9,7
GP84	899,7	3,09
GP94	1048,4	3,6
GT64	313,5	1,07
TOTAL	29049,4	100

Destacar que foron definidas clases de chan con CLASE A (chans que permiten todo tipo de mecanización e con profundidade abonda para calquera tipo de vexetación. Rego superficial sen limitacións e sen ningún ou con risco lixeiro de erosión).

Así mesmo indicar que o chan porcentualmente mais estendido é de clase CLASE B(chans sen limitacións para a mecanización, pero con moderadas limitacións por profundidade para os cultivos de enraizamento profundo.

Rego superficial con poucas limitacións. Ou ben suficiente profundidade para calquera tipo de cultivo pero con limitacións para o rego superficial de gravidade. Risco de erosión de nulo a moderado.

Na táboa resúmense as clases de calidades de mecanización, posibilidade de mecanización e rego, disponibilidad de espazo para enraizamento en función dos datos de pendentes, afloramentos e profundidade do chan, e a de risco de erosión expresada directamente

Polo tanto o 56% da superficie correspóndense con áreas moi aptas para o cultivo, e unha porcentaxe inferior o 20% zonas pouco ou nada adecuadas a ser cultivadas.

1.12.2 Zonas de especial interese agrario.

A Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia ten como obxectivo salgardar aquelas terras que pola súa alta produtividade agrícola de ser abandonadas, sendo incluídas no banco de Terras de Galicia.

As zonas de especial interese agrario existentes ata o momento son as zonas de concentración parcelaria con

acordo firme con data posterior ao 30 de decembro de 1992, segundo a Lei 7/2007.

Non obstante, o solo rústico de protección agropecuaria situado no ámbito territorial dunha serie de comarcas foi declarado como zona de especial interese agrario pola súa alta produtividade e pola potencialidade destes terreos para seren incorporados ao Banco de Terras de Galiza, entre as que se atopa a Comarca a que pertence Friol.

1.13 PRODUCTIVIDADE POTENCIAL FORESTAL:

O sector forestal debe considerarse vinculado ó resto de sectores económicos primarios, así o campo forestal debe entenderse como un complemento para ás economías unifamiliares que teñen a súa base na gandería, mentres que para os propietarios que non residen na zona, constitúe unha inversión de futuro, ca posta en produción de terreos que non estaban aproveitando. Pola outra banda o abandono de terras agrarias que prodúcese nos últimos anos, debido a a baixa de efectivos na agricultura, así como as liñas de axuda para a reforestación de terras agrarias, provocou que moitas parcelas anteriormente co uso agrogandeiro se encontren reforestadas na actualidade.

1.13.1 Índice de Paterson

Foi modificado e aplicado na Península Ibérica por Gandullo e Serrada. Estes autores ligan o valor do seu índice á relación de produción proposta por Paterson:

$$E \text{ (m}^3\text{/Ha ano)} = 5,3 \log I - 7,4 = 7,1395 \text{ m}^3\text{/ha ano}$$

1.13.2 Capacidade de crecemento das especies forestais s/ Montero e G. Rebollar

O valor do índice para *Pinus radiata*: 1,6 - 1,7 m³/ubc , de onde m³ de madeira/Ha . ano = IBL . i

Tomamos a IBL da hipótese 3, a mais acorde cas circunstancias da estación


$$\text{m}^3 \text{ de madeira/ha . ano} = 4,27 \cdot 1,7 = 7,259 \text{ m}^3\text{/ Ha ano.}$$

Como podemos observar, os valores marcan un intervalo dentro do que atópase a produtividade calculada polo índice de Paterson, e que pódese describir como valores aceptables. A produtividade das especies forestais de crecemento rápido podería ser unha alternativa ó abandono das terras de cultivo en áreas onde as baixas pendentes favorecería a mecanización e os cultivos forestais.

1.14 ESPAZOS NATURAIS

1.14.1 Espazos naturais pertencentes á Rede natura 2000

A Rede Natura 2000 é a rede de espazos naturais protexidos a escala da Unión Europea creada en virtude da Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (Directiva hábitats), con obxecto de salvagardar os espazos naturais máis importantes de Europa. Componse de zonas especiais de conservación (ZEC) declaradas polos Estados membros con arreglo á Directiva sobre hábitats. Existen dous espazos definidos como lugares de Importancia comunitaria (LIC), que ademais atópanse Zonas de Especial Protección dos valores naturais, o abeira da Lei 9/2001 de Conservación da Natureza.



agricolas, fragas de ribeira e carballeiras. Ocupa unha pequena porcentaxe de superficie dentro do Concello de Friol, inferior ó 1%

Serra do Careón


Sistema montañoso caracterizado por presentar cumes aplanados de baixa altitude e pendentes suaves. Ocupa tamén unha pequena porcentaxe de superficie dentro do Concello de Friol, inferior ó 1%.

1.14.2 Corredores fluviais

A Directiva 2007/60/CE relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación reconece a existencia dentro do territorio da comunidade Europea, diferentes tipos de inundacións, polo que no ámbito da Confederación Hidrográfica do Norte desenvólvese o Plan de Cauces, integrado na Directiva 'Marco del Auga', no que se delimita as chairas aluviais expostos ós efectos das inundacións durante as avenidas, denominándose Corredores fluviais.

Así mesmo delimitase outro ámbito, co obxecto de protexer os ecosistemas fluviais e completando así oa anterior delimitación dos corredores. Dito espazo denominarase 'Ámbito de Protección específica do Medio Fluvial'.

Delimitanse dous corredores fluviais, un para o Rio Narla e outro para o Rio Parga, cas súas respectivas áreas de protección específica do medio.




1.15 CONCENTRACIÓN PARCELARIA

O Concello de Friol ten parte do seu territorio concentrado. Segundo os datos facilitados pola Consellería, todas as concentracións atópanse desenvolvidas, sendo dúas delas de iniciativa privada e outra pública.

Nome	Xestión	Estado	Superficie (ha)
Burgo de Negral	Pública	Rematada. Títulos entregados	571
Gándara e Fraga	Pública	Rematada. Títulos entregados	93
Marcela e Silvela	Privada	Rematada. Títulos entregados	282

Ratase dunha pequena porcentaxe de superficie, o 3%, sobre todo se temos en conta a elevada superficie adicada ó sistema agropecuario no Concello de Friol.



1.16 MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Os expedientes que se atopan recolidos segundo a Concellería de Medio Rural son:

Nome M.V.M.C.	Parroquia	Lugar	Comunidade	Data
Anafreita	Anafreita		Anafreita	28/12/1974
Devesa	Santalla de Devesa		Devesa	28/12/1974
Anxeriz	Anxeriz		Anxeriz	25/08/1975
Miraz	Miraz		Miraz	25/08/1975
Narla	Narla		Narla	25/08/1975
Ousá	Ousá		Ousá	25/08/1975
Silvela	Silvela		Silvela	25/08/1975
Nodar	Nodar		Nodar	19/01/1976
Carballo	Carballo		Carballo	25/03/1976
Xiá	Xiá		Xiá	25/03/1976
Trasmonte	Trasmonte		Trasmonte	25/03/1976
Lamas	Lamas		Lamas	29/04/1977
Carlin	Carlin		Carlin	29/04/1977
Friol	Friol		Friol	29/04/1977
Carboeiro	San Martiño de Condes	As Casas do Monte, Macedo e As Pardellas	As Casas do Monte, Macedo e As Pardellas	29/04/1977
Guimarei	Guimarei		Guimarei	29/04/1977
Lea	Lea		Lea	29/04/1977
O Pacio	O Pacio		O Pacio	29/04/1977
Vilalvite	Vilalvite		Vilalvite	29/04/1977
Vilafiz	Vilafiz		Vilafiz	29/04/1977
Serén	Serén		Serén	19/10/1979
Condes	San Martiño de Condes		San Martiño de Condes	19/10/1979
Ramelle	Ramelle		Ramelle	19/10/1979
Cotá	Cotá	Cotá excepto lugares de Coído e A Pena	Cotá excepto lugares de Coído e A Pena	20/12/1982
Agregación - San Cibrao	San Cibrao da Pregación		San Cibrao	20/12/1982
Agregación - San Xoán	Seoane da Pregación		Seoane da Pregación	20/12/1982

Guldriz	Guldriz		Guldriz	20/12/1982
A Pena	Cotá	A Pena	A Pena	20/12/1982
Os Castelos	Prado	Outarelo, Lousende e O Sixto	Outarelo, Lousende e O Sixto	18/04/1983
Queimado	Prado	A Costa, A Devesa e O Prado de Arriba	A Costa, A Devesa e O Prado de Arriba	18/04/1983
Cotón da Casanova e Cotón do Seixo	Rocha		Rocha	17/03/1986

2. ESTUDIO DO MEDIO SOCIOECONÓMICO

2.1 CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS

Na mesma liña que a provincia, no Concello de Friol produciuse unha regresión poboacional importante desde finais do século pasado ata a actualidade, contando agora con case a metade dos habitantes de entón, pasando dos 8.865 de 1900 a 4.490 que ten o concello segundo o INE do ano 2.006. O porcentaxe de perda de poboación no século XX supón case o 50 % .


2.1.1 Densidade poboacional

No que respecta á densidade poboacional en hab/Km2 destacar que as parroquias máis densas son San Xulián de Friol , San Xulián de Roimil, Santa María de Ramelle e Santa Eulalia de Madelos, e as menos Santa María de Guimarei, Santa María de Carlin, Santa María de Vilafiz e San Pedro de Anafreita.

2.1.2 Distribución da poboación no territorio

Se poden distinguir dous ámbitos territoriais claramente definidos dentro do Concello, os residentes en núcleos e os residentes en diseminado, sendo a primeira un dato moi inferior ó diseminado.

ASENTAMENTO DA POBOACIÓN	HABITANTES	PORCENTAXE
POBLACIÓN EN NÚCLEOS	1538	31.79
POBLACIÓN EN DISEMINADO	3290	68.21
TOTAL	4.490	100



O estudo por parroquias vén a confirmar aínda máis o proceso regresivo no que está inmerso o municipio, cunha marcada evolución negativa da taxa de crecemento. As causas son varias e sobradamente coñecidas, o traslado de familias á capital de provincia, a emigración e consecuentemente o envellecemento da poboación.

Estas circunstancias, que afectan de forma xeral ao ámbito rural galego, especialmente o do interior, provocan aquí despoboamento de numerosas parroquias e aldeas. Ás entidades de poboación como Penelas (Santa María de Anxeriz), Cafua (San Martiño de Bra), A Cabana (Santa María de Carlin), Abeledo (San Martiño de Condes), Lagouz (San Martn de Cot), Casas do Cego (Santa Eulalia de Devesa), Espieira e Golmar (San Pedro de Narla), Penalba (San Mamede de Nodar), Pedroso (San Xoan de Seoane), Casanova (Santa Cruz de Seren), Espio (Santa María de Silvela), Estanque (Santiago de Trasmonte), Remesil (Santa María de Vilafiz), Bagulla, Eirexe e Portadornas (Santa María de Xi) atópanse totalmente despoboadas.

Este claro proceso de regresión demográfica do municipio, ao igual que o doutras reás de montaa do interior de Galicia está caracterizado basicamente polos seguintes factores:

1. - Crecemento vexetativo negativo, con altas taxas de mortalidade e baixas de natalidade. Este efecto é mais destacado na segunda metade do século XX, entre 197 y 200ha perdido 1793 habitantes, o que supón el45 % do total de poboación.

2. - Progresivo envellecemento da poboación. El4% do seu continxente demográfico superan os 6 años de idade.

3. - Intenso éxodo rural. A emigración de grande intensidade nos últimos 8 anos, mantense aínda hoxe, o que acelera o despoboamento de núcleos rurais incapaces de reter unha poboación que tende a concentrarse maioritariamente en núcleos próximos a estradas de certa importancia, na capital de bisbarra ou na da provincia.

As entidades de poboación e o número de habitantes segundo padrón municipal de 199as como a extensin das parroquias (Km2) e a súa densidade (hab/Km2)es a que segue:

Nestes datos compróbase que as parroquias mais densamente poboadas, a parte de San Xulin de Friol son San Xulián de Roimil, Santa María de Ramelle e San Martiño de Condes. Pola contra as de menor densidade son Santa María de Guimarei, Santa María de Carlin, San Pedro de Anafreita e Santa María de Vilafiz.

2.2 CARACTERÍSTICAS ECONÓMICAS

2.2.1 O sector primario

Os datos poboacionais referentes ao ano 1996 indican unha taxa de actividade xeral lixeiramente inferior á media autonómica e á media provincial. Efectivamente se comproba que a taxa de actividade é de 41.3% cando na provincial é de 50,3% e na Comunidade Autónoma é de 49,18 %.

A incidencia da actividade agraria é limitadamente inferior ao resto da comunidade. É digno de mencionar o feito que do total poboacional só atopan en activo o 41.27%, atopándose en inactividade o 58.28 % (pensionistas, incapacitados, estudantes)

Del total de persoas activas, o 49.24% dedícase ao sector agrario.

Segundo datos do ano 2.006 é o sector agrícola o maioritario, séguelle o sector servizos cun 19.8 %. Es evidente a importancia do sector primario na economía municipal.

2.2.1.1 Explotacións agrarias

De modo xeral a agricultura esta pasando por unha etapa delicada. A aplicación das directivas acordadas pola comunidade, que teñen como finalidade a redución da man de obra agrícola, e con iso a desaparición das explotacións minifundistas de escasa capacidade produtiva, ofrecen un panorama para a agricultura nada favorable, máxime se temos en conta o elevado número de explotacións de escasa dimensión actualmente en funcionamento.

O abandono das explotacións, a forte emigración e o envellecemento da poboación explica o abandono de grande parte das explotacións, caracterizadas por unha excesiva parcelación, o que dificulta o seu aproveitamento e rendibilidade económica.

No anexo 1 preséntanse datos estatísticos (Anuario de estatística agraria 1997) relativos á distribución municipal de terras e principais superficies e cultivos. Destacar que para unha superficie total agraria de 24.536 ha, 13.178 son SAU (superf. cultivada + superf. prado), 3.378 son cultivadas e 9.80 están destinadas a prados e pradarias, predomina o cultivo de cultivos forraxeiros ás como de pataca, trigo e centeo e en menor medida millo.

Arredor do 2% das devanditas explotacións teñen unha superficie inferior a 1 Ha, o 36% atopa entre 1 e 5 Ha e algo máis do 62% das explotacións superan as 5 Ha.

É importante o sector da froita con 41 Ha destinadas á devandita explotación, sendo a máis importante a nivel

provincial tras o Concello de Monterroso, Chantada e Lugo.

O cultivo hortícola, eminentemente destinado ao autoconsumo, está baseado en hortalizas tales como judas, leitugas, tomates, cebolas, allos, etc. Esta horta adoita ocupar unha parcela moi próxima á casa rural, ao obxecto de acurtar os diarios desprazamentos a esta.

O cultivo máis destacado, o prado, ligado á explotación gandeira é o que produce maiores rendementos. É evidente que, dada a pluviosidade, a herba crece espontaneamente formando prados naturais principalmente en fondos e abas dos vales.

Unha concentración parcelaria efectiva e selectiva constitúe unha prioridade que ten que ir acompañada dunha redución progresiva dos efectivos agrarios, o que permitir rentabilizar no futuro as explotacións que se manteñan. Esta concentración deberá afectar ás terras máis produtivas e aos sectores de monte co fin de favorecer a poboación e a súa explotación racional.

O grao de parcelación no municipio é ao igual que no resto de Galicia un factor negativo para o desenvolvemento agrario. O tamaño medio de cada parcela é, segundo datos do último censo agrario de 1989, de 0,5Ha, cantidade inferior á media provincial e autonómica.

Ainda que hai abundancia de superficie dedicada a monte, as parcelas seguen sendo pequenas. A explotación agraria combina o policultivo agrícola co aproveitamento gandeiro e forestal. Trátase basicamente dun sistema de explotación baseado no autoconsumo, dentro dunha estrutura de tenza de terra fragmentada.

É unha explotación directa e familiar, con escaso nivel de mecanización e baixo a modalidade do aproveitamento mixto.

Indubidablemente existen diferenzas substanciais entre as explotacións situadas en fondos de vales, que contan con chans frescos e novos de boa calidade, e as situadas no cume dos montes, onde as condicións climatolóxicas son máis adversas e os chans máis pobres. En efecto nos núcleos rurais que posúen un relevo de val o grao de parcelación é moi superior ás zonas altas máis accidentadas.

Nestas últimas non son raras as parcelas de 2 Ha e máis. No directorio de cooperativas agrarias socias de AGACA figuran no municipio de Friol:

1. - TERREO ÁS COUTADAS S/N, dedicada á comercialización de leite (1 comprador), servizos técnicos de produción, economato e tenda agraria e subministración de alimentación animal.

2. -SAN MAMEDE DE NODARS/N, dedicada á fabricación de pensos, comercialización de leite (1 comprador), servizos de maquinaria en común, tenda agraria e subministración de alimentación animal.

2.2.1.2 *Explotación forestal*

A explotación forestal ocupa o 1% da superficie, cantidade moi escasa comparada coa media provincial que é de case o 3%. Existe unha porcentaxe elevada de superficie susceptible de aproveitamento forestal que se atopa actualmente sen ningún aproveitamento.

No cadro adxunto relaciónanse os montes veciñais en man común en convenio coa Administración. Indicase ademais o ano no que foron declarados polo Xurado Provincial, segundo datos facilitados pola Delegación de Montes.

Na actualidade a superficie está arbolada maioritariamente de *Pinus sylvestris*, *Pinus radiata* (por debaixo de 70 m de altitude), *Pinus pinaster* e escasamente de Eucalipto *globulus*. Unha correcta ordenación forestal suporá mellorar o aproveitamento silvícola como base importante da actividade en zonas de montaña, nas que a súa transformación a pasteiro está moi limitada.

Destacar o relevo accidentado do termo municipal e a abundancia de chans con escaso ou nulo aproveitamento agrícola.

2.2.1.3 *Explotación gandeira*

Subsector de recursos importantes pero que atravesamos un mal momento debido a axustes dende a Unión europea. A imposición das cotas leiteiras e o baixo prezo do leite está a producir a desaparición de moitas explotacións leiteiras, o que obriga a reorientalas de cara á produción de carne, con mellores expectativas comerciais.

a gandeira é considerada en xeral unha actividade auxiliar e complementaria da agricultura. O gando que ten maior importancia é o vacún, seguindo en importancia o porcino, as explotacións avícolas e o gando lanar.

Preséntanse no anexo 1 datos censales (CSG/99) publicados no anuario de estatística agraria 199 respecto a explotacións de bovino (n, total vacas, total reses, vacas leite, vacas carne e nº reses por explotación) e porcino (reprodución e cebo). Destacar que no primeiro caso no ano 199 había censadas 78 explotacións cun total de 16.825 reses e unha media de 21, 57 reses por explotación de vacún.

No caso do porcino e no mesmo ano atopábanse censadas 2.954 cabezas, das cales o 9% se destinan a cebo e

engorde.

Segundo os datos do censo as explotacións son pequenas, predominando explotacións pouco modernas e mecanizadas nas rutas de recollida de leite e que se manteñen estables deas pus do grande descenso dos últimos anos.

2.2.1.4 *Mecanización agraria*

O parque de maquinaria das explotacións é baixo, corresponden un total de 1,3 máquinas agrícolas por explotación. Este grao de mecanización aparente, a diseminación das parcelas e a escaseza de superficie til para o manexo de aparatos mecánicos de gran capacidade e potencia tenden a encarecer notablemente os custos de produción, polo que se pode falar dunha mecanización mal dimensionada e inadecuada para o medio físico. Diseminación de chan agrícola, dimensión de parcelas e distintos usos do chan.

2.2.2 O sector industrial

O municipio presenta moi baixos índices de actividade industrial, sendo a máis importante a manufacteireira e as explotacións extractivas de granito.

O documento de sustentabilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico fai referencia ao grave impacto que a industria extractiva xera. Esta, xunto coa industria manufacteireira e a de pequenas actividades industriais familiares conforman a actividade económica municipal.

En todo o Termo Municipal de Friol se rexistran varias explotacións mineiras a ceo aberto, entre as que destacamos principalmente as canteiras de granito de Santiago de Miraz, e menos importantes as de Santiago de Trasmonte e as de Lousende en San Martiño de Prado.

A pesar da importancia económica que esta actividade supón, será preciso adoptar medidas que minoren o grande impacto que provocan. É finalidade do Plan Xeral, e en atención á nova lei do chan e de protección do medio rural establecer as medidas correctoras necesarias para minimizar os devanditos impactos.

Nas áreas de ampliación destas zonas de interese mineiro, a procurar coordinar o auxe produtivo coa preservación dos valores naturais dos seus enclaves e adoptar as oportunas medidas correctoras co fin de compatibilizar actividade xeradora de recursos económicos con sustentabilidade ambiental.

A inexistencia de parque empresarial ou polígono industrial confirma o escaso tecido empresarial existente no termo municipal. Todas as pequenas actividades empresariais (talleres, serradoiros...) lévanse a cabo en

situacións dispersas e nas proximidades do núcleo principal.

2.3 ESTRUTURA TERRITORIAL

2.3.1 Introducción:

Entendese por paisaxe a percepción externa do medio que percibe un observador, a partir da expresión externa deste. Polo tanto existirán tantos paisaxes como observadores, e resulta complicado realizar unha avariación dunha variable a priori tan subxetiva.

Na actualidade a paisaxe considerase un recurso do medio natural no seu sentido socioeconómico, xa que existe unha demanda crecente de espazos constituídos por un paisaxe de calidade, ligado a actividades turísticas e recreativas, lo que constitúe un potencial económico en zonas rurais deprimidas.

O obxectivo deste estudo é describir os tipos de paisaxe, determinar as áreas de maior valor paisaxístico e diferenciar os principais aspectos embellecedores de él.

2.3.2 A trama do hábitat. A paisaxe rural.

2.3.2.1 Distribución da poboación no territorio

O alto número de entidades de poboación dá idea de que a ocupación dos espazos polos asentamentos rurais é moi intensa e case continua. Non existen áreas extensas que poidan clasificarse de baleiros demográficos, aínda que se observen pequenos ocios sen núcleos de poboación, que corresponden en xeral a zonas non cultivadas de topografía máis abrupta cunha altitude superior á do seu ámbito.

De aí que poidamos deducir que a ocupación máis intensa do espazo se relaciona coa topografía relativamente suave e unha grande extensión de terreo cultivable.

Polo tanto, a maioría dos asentamentos localízanse en sectores de topografía deprimida, e únense entre si a través dunha rede de viais mallada que se intensifica ou se esponxa dependendo da densidade da súa implantación xeográfica, supoñendo esta rede de camiños a base das súas relacións.

A multiplicación dos núcleos e o seu pequeno tamaño non debe facernos pensar que nos atopamos ante un dos clásicos exemplos de hábitat disperso: cada núcleo pode ser individualizado dos demais aínda que o seu tamaño sexa pequeno, disten pouco entre si e o número de casaríos illados sexa respectable.

2.3.2.2 A poboación e os núcleos rurais

Se poden distinguir dous ámbitos territoriais claramente definidos dentro do Concello, os residentes en núcleos e os residentes en diseminado, sendo a primeira un dato moi inferior ó diseminado.

ASENTAMENTO DA POBOACIÓN	PORCENTAXE
POBLACIÓN EN NÚCLEOS	31.79
POBLACIÓN EN DISEMINADO	68.21

2.3.2.3 Morfoloxía

O tamaño dos asentamentos é pequeno, existindo moitos de 2 a 5 casas e son relativamente frecuentes os casaríos illados ou os núcleos con algunha casa máis ou menos solta.

Algunhas casas están deshabitadas, algúns casaríos illados non aparecen na Toponimia, e algúns núcleos tiñan en estatísticas máis antigas un número de vivendas algo maior do que posúen na actualidade.

En ocasións algúns asentamentos están formados por varios subnúcleos, o que complicou a súa identificación correcta nas zonas de maior densidade de asentamentos pola dificultade de atribuír os distintos grupos de casas a un ou outro núcleo xa que corresponden nuns casos a entidades únicas e noutros a entidades polinucleares.

O que marca a tónica dominante nos asentamentos é a aldea, xeralmente de pequeno tamaño e estrutura interna variada, con predominio das compactas e moi compactas:

- Obsérvanse en moitos casos pequenos asentamentos de estrutura moi compacta.
- Os de estrutura compacta, aínda sendo tan frecuentes como os anteriores, forman conxuntos menos caracterizados.
- Os asentamentos de estrutura laxa, cun ou máis núcleos son menos frecuentes.

En conxunto podemos afirmar que a disposición interna destes núcleos se caracteriza por certa compactidade, pois o pequeno tamaño de moitas aldeas (2,3 ou 4 casas nada máis) impediu a súa caracterización como moi compactas aínda que as súas casas estivesen bastante próximas.

En resumo existen un total de 304 entidades poboacionais segundo o Nomenclator, das cales, se reparten do seguinte xeitos:

DENOMINACIÓN	NÚMERO DE VIVENDAS	Nº ENTIDADES	PORCENTAXE
Casal	1	56	18
Aldeas	2	43	14
	3 ou mais	205	67

Os núcleos soen ser de tamaño medio, de entre 5 e 10 vivendas. As veces, estes atópanse moi agrupados, conformado varios topónimos unha única agrupación.

O estudo do modelo de asentamento basase nas defuncións establecidas polas Directrices de Ordenación do Territorio, en función do reparto da poboación e da forma de vida, qque axudara a comprender a variedade existente no concello, dada a súa grande extensión xeográfica.

- Mononuclear moi compacto: asentamento ben definido, de gran proximidade nos elementos constituintes, de límites nítidos e forma circular ou tendente ao circular. Pouco representado no Concello, a bondade da topografía evita a existencia deste tipo de asentamento. Podémos atopar estes tipos de núcleos nas zonas máis orientais, colindante ca provincia de A Coruña, onde un relevo máis abrupto leva consigo a formación de núcleos máis pequenos e recollidos. O tamaño moi pequeno destes núcleos fai difícil a identificación destas estruturas pechadas, o case non existir rúeiros.



Rétede (Parroquia de Xiá)

- Mononuclear pouco compacta: asentamento no que existe unha certa separación entre as distintas casas por pequenos anacos de terreos libres, pequenas hortas. Forma tendente ao circular e límites

nitidos. Esta morfoloxía, moi habitual no Concello, atópase entre a transición de zonas montañosas e val ou chairas, o que abrangue unha parte importante do territorio, e presenta a morfoloxía mais habitual.



- c) Mononuclear laxa: asentamento no que os seus elementos presentan unha maior separación entre as vivendas (30 a 70 m), con formas indeterminadas, tamaño pequeno e límites pouco nitidos. Este tipo é frecuente nos núcleos atravesados por unha estrada de certa importancia. Moi habitual nos núcleos de tradición avícola, ubicadas cerca do núcleo urbano de Friol, a carón das estradas autonómicas e provinciais.



- d) Mononuclear disperso: entidades cos edificios moi separados, formas indeterminadas e límites difíciles de establecer. Moitas veces trátase de casais bastante separados que aproveitan un val, o río, así como as estradas de certa relevancia. Esta tipoloxía aparece asociada a núcleos tradicionais que creceron recentemente ao longo de estradas de certa importancia. Moi habitual na zona central de Friol, que acadan maior importancia cos novos desenvolvementos.
- e) Enxame: tipo polinuclear con grupos de casas separadas entre si con edificacións intercaladas. Límites pouco claros; ocupa amplas extensións sobre unha topografía pouco accidentada, e son agrupacións cun mínimo de 15 vivendas e un máximo que supera as 100. Posúe un grao avanzado de dispersión do núcleo mesturando grupos de casas máis ou menos compactas con casas independentes entre elas. Pode ter varios topónimos que identifican distintos sectores. Este tipo de entidade está relativamente ben definida no espazo e recoñecida polos seus habitantes. Pouco representada, dado o tamaño pequeno dos núcleos rurais, mais parellos os tipos mononucleares.



f) Polinuclear bastante compacta: entidade formada por dous ou máis núcleos separados xeralmente por un accidente topográfico de pouca relevancia. Estrutura articulada coa existencia de varios núcleos pero de menor tamaño e superficie que a de enxame. As formas poden ser diversas e a súa morfoloxía queda pouco definida. Na actualidade existen certas entidades mononucleares que se transformaron nunha destas tipoloxías por incidencia da proximidade de vías de comunicación ao producirse o seu desdoblamento ou multiplicación polo seu crecemento, que no pasado obedecería ao aumento da poboación ou as novas cavas do espazo de cultivo. Habitual no Concello, nas zonas mais accidentadas, as casas agrúpanse, pero situándose a pequenas distancias.


g) Polinuclear laxa: a estrutura particular de cada un dos núcleos que configura o conxunto é de tipo laxo. É a aldea con varios núcleos e o casario claro.



De esquerda a dereita, Seixón de arriba, de abaixo, Sucampo e Cela (Parroquia de Seixón)

h) Núcleo compacto e con vivendas diseminadas: asentamento no que dunha das súas partes, normalmente a central, que constitúe o enclave orixinal, de estrutura compacta, se segregan casas como consecuencia da súa dinámica evolutiva ao longo dunha vía de comunicación ou de xeito aleatorio. Forma circular ou indeterminada, límites pouco definidos e fácil de confundir cos asentamentos veciños. O pequeno tamaño das entidades do Concello fai que non se detecten estes tipos.

En resumo e para o Concello, a meirande parte dos núcleos de mais de tres vivendas, pertencen os tipos mononucleares, e principalmente as estruturas pouco compactas, con importante dispersión das súas edificacións.



2.3.2.4 Parcelario e estrutura da propiedade.

O parcelario soe acadar grandes dimensións en practicamente todo o Concello, acentuándose a división en partes mais pequenas nas zonas rurais de topografía mais complexa, como é habitual.

O mais identificativo, dada a fertilidade do Concello, soe ser grandes agras de praderías, divididas polas sebes, mais que por peches tradicionais. Segundo os datos catastrais adxuntos, obtense para o total do catastro de rústica unha superficie media de 5.418 m² por parcela.

Número de titulares	6.385
número de parcelas	53.436
Número de subparcelas	66.702
Superficie total (ha)	28.952

As dimensións son elevadas, incluso nos propios núcleo rurais, onde a media das parcelas medias nos núcleos históricos tradicionais é de 1.360 e no núcleo de tipo común e de 2.641.

2.3.3 Tipoloxía das edificacións

As actividades tradicionais no municipio, ao igual que noutros da Galicia interior, se caracterizaron secularmente por un uso non intensivo do territorio, o que supuxo un aproveitamento sostible dos compoñentes da biodiversidade.

Por outra parte a ocupación do home supuxo unha enorme transformación dos hábitats naturais, se ben na actualidade moitas paisaxes agrarias resultantes daquela secular antropización atópanse hoxe tamén en franca regresión. Este feito supón unha perda de endemismos asociados a estes ecosistemas agrosilvopastorales.

A realidade social e demográfica do mundo rural tradicional, baseada en economía de autosuficiencia en lugares e aldeas orixinou a aparición de hábitats seminaturais, xestionados por gandeiros e agricultores mediante prácticas tradicionais que non cambiaron en séculos.

2.3.3.1 Edificacións residenciais

Os núcleos rurais caracterízanse por un parque residencial constituído por edificacións antigas construídas na súa maioría antes da 1ª metade do século XX.

Estas construcións



responden a unha tipoloxía rural, e están perfectamente adaptadas ás condicións do ámbito no que se sitúan: clima, chan, topografía,...Son case exclusivamente residenciais, habitadas en por unha única familia, na que poden convivir varias xeracións.

Complementáanse con outras construcións auxiliares vinculadas á actividade agropecuaria da maioría da poboación e están rodeadas de hortos, prados, e nalgúns casos pequenos xardíns.

2.3.3.2 Posición da edificación.

En ocasións estas edificacións alternan con outras entre medianeiras, normalmente dunha ou dúas plantas e frontes en torno a 10 m.

2.3.3.3 Volume e ocupación

Xeralmente están constituídas por edificacións illadas dunha ou dúas alturas, de planta xeralmente cadrada ou rectangular. O mais relevante é o concepto de casa bloque, no que a vivenda concentra toda a importancia, de grandes dimensións, sobre as restantes edificacións.

Vivendas.

Dos datos recollidos na enquisa e segundo a cartografía elaborada para o PXOM, a superficie media da ocupación en metros cadrados das vivendas, tanto de tipo tradicional como recente é de 122-124 m².

Tipo de vivenda	Superficie media	Superficie máxima	Superficie mínima
Recente	122	361	70
Tradicional	124	538	70

Alpendres

No caso dos alpendres, as súas dimensións son mais variables, principalmente para os novos garaxes:

Tipo de alpendre	Superficie media	Superficie máxima	Superficie mínima
Recente	77	509	10
Tradicional	67	554	11

2.3.3.4 Condicións estéticas: Fachadas e ocós

Están construídas a base de muros de cachotaría de granito, con ocós formados por sillares, estrutura horizontal e de cuberta de madeira.

Os acabados exteriores adoitan ser a base pedra vista aínda que tamén se usan recibos e pintura, en menores ocasións, e forma aínda menos común. Os muros de cachotería, atópanse xeralmente aparelados e teñen características regulares.



Dúas vivendas con pedra vista, unha delas encintada e outra non, núcleo de Cotá

Varios exemplos en Cotá de fachadas pintadas en cores brancos.



Compositivamente predominan os muros sobre os ocos, que adoitan ser rectangulares tipo ventá, de alto algo maior que o ancho e coincidentes en eixes verticais, aínda que adoitan abrirse en función das necesidades de luz e ventilación do interior sen ter en conta a composición exterior.

Os ocos resólvense mediante sillares, que tamén aparecen noutros remates como nos esquinais.



Tamén existen, aínda que en menor medida, fachadas elaborados por manpostería de xisto, mais ou menos aplanadas en disposición horizontal.



O Castro (San Martiño de Condes).

Bidueiro (Nodar)

Nas principais construcións das casas de maior relevancia existen portas adinteladas, o igual que nalgún peche da finca. Nas vivendas tradicionais mais urbanas, adoptan estas formas nos ocos da fachada principal (a travesía).



A Calle (Trasmonte)



Cotá (Cotá)



As Laxes (Miraz)



A Cancela (San Martiño de Condes), a cor tradicional no núcleo é o verde.



A Costa (Prado), ten cores azuis.

Carpinterías.

Adoitan ser, as tradicionais, de madeira, normalmente pintada en cores brancos ou vernizadas . As veces aparecen contras de madeira.

2.3.3.5 Cubertas

As cubertas adoitan ser a catro augas con pendente en torno ao 30-40%. Nos casos nas que as vivendas aparecen entre medianeiras, as cubertas son a dúas augas, vertendo cara a as fachadas e as características construtivas son as mesmas que no caso das edificacións illadas.

Como material de cobertura emprégase a lousa irregular de lousa. Nas zonas mais orientais comeza a influencia coruñesa, con pequenos ámbitos de tella.

As cubertas adoitan rematarse en aleiro de madeira, de xenerosas dimensións, aínda que existen algunhas con cornixas de lexas de lousa enfoscadas.

2.3.3.6 Elementos singulares

Balcóns.

Ocupan principalmente unha única posición, sobre a entrada principal da casa, na parte central.

3. DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS.

3.1 CONSIDERACIÓNS XERAIS

Segundo o artigo. 52 da Lei 9/2002 del 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, o Plan Xeral de Ordenación Municipal como instrumento urbanístico de ordenación integral do termo municipal clasificará o solo para o establecemento do réxime xurídico correspondente, definindo os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para á ordenación urbanística do territorio e establecerá as determinacións orientadas a promove-lo seu desenvolvemento e execución.

O contido do plan é congruente cos fins que nel se definen e adáptase ás características e complexidade urbanística do termo municipal, garantindo a coordinación dos elementos fundamentais dos sistemas xerais.

O plan xeral garante a coherencia interna das determinacións urbanísticas, a viabilidade técnica e económica da ordenación proposta, o equilibrio dos beneficios e cargas derivados do plan entre as distintas áreas de reparto, a proporcionalidade entre o volume edificable e os espazos libres públicos de cada ámbito de ordenación e a participación da comunidade nas plusvalías xeneradas en cada área de reparto.

3.2 DETERMINACIÓNS XERAIS

O presente plan xeral de ordenación municipal contén seguintes determinacións de carácter xeral, segundo o disposto no artigo 53 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia:

- a. Obxectivos xerais e criterios da ordenación compatibles coa normativa sectorial e ambiental, cos instrumentos de ordenación do territorio e co planeamento dos municipios limítrofes.
- b. Clasificación do solo de todo o termo municipal en todos ou nalgún dos distintos tipos e categorías establecidos na lei.
- c. División do solo urbano en distritos.
- d. Delimitación dos sectores en solo urbanizable delimitado
- e. Estrutura xeral e orgánica do territorio integrada polos sistemas xerais determinantes do desenvolvemento urbano e, en particular, polos sistemas xerais de comunicacións e as súas zonas de protección, de espazos libres e zonas verdes públicas, de equipamento comunitario público e de servizos urbanos. En calquera caso, indicárase para cada un dos seus elementos non existentes os seus criterios de deseño e execución e o sistema de obtención dos terreos.
- f. Catálogo dos elementos que polos seus valores naturais ou culturais, ou pola súa relación co dominio público, deban ser conservados ou recuperados, coas medidas de protección que procedan.
- g. Delimitación das concas de interese paisaxístico no termo municipal e medidas para a súa adecuada protección e recuperación.
- h. Delimitación de áreas de reparto en solo urbano non-consolidado e en solo urbanizable delimitado, con fixación do aproveitamento tipo, se é o caso.
- i. Carácter público ou privado das dotacións.
- j. Determinación, se é o caso, dos prazos para a aprobación do planeamento de desenvolvemento e, en xeral, para o cumprimento dos deberes urbanísticos.
- k. Determinacións necesarias para que as construcións e instalacións cumpran as condicións de adaptación ó ambiente.

Este plan considera a situación urbanística anteriormente existente, para conservala en parte e para rectificala directamente a través das determinacións que lle son propias, acordo co artigo 16 do Regulamento de Planeamento.

4. ESTRUCTURA URBANÍSTICA DO TERRITORIO

A estrutura urbanística do territorio definida polo presente plan xeral de ordenación municipal defínese a través dos seguintes elementos:

- a. Estrutura xeral e orgánica do territorio
- b. Clasificación do solo para o establecemento do réxime xurídico correspondente.
- c. Cualificación do solo, coa ordenación detallada do territorio
- d. Elementos patrimoniais que deben ser conservados ou recuperados
- e. Dotacións urbanísticas

a. ESTRUCTURA XERAL E ORGÁNICA DO TERRITORIO

A estrutura xeral e orgánica do territorio definida polo presente plan xeral de ordenación municipal está integrada por:

- a. Sistema xeral de comunicacións e as zonas de protección
 - Sistema xeral de comunicacións viaria
 - Sistema xeral portuario
- b. Sistema xeral de infraestruturas e servizos urbanos
 - Abastecemento de auga.
 - Evacuación de augas residuais
 - Subministración de enerxía eléctrica.
- c. Sistema xeral de espazos libres e zonas verdes públicas
 - Formado polos parques, xardíns, áreas de ocio, áreas de expansión e recreo.
- d. Sistema xeral de equipamento comunitario público
 - Formada polas dotacións de carácter xeral de titularidade pública.

b. CLASIFICACIÓN DO SOLO

O presente plan xeral de ordenación municipal clasifica-lo territorio municipal nos seguintes tipos de solo, e as súas categorías segundo a lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia:

a. Solo urbano

- Solo urbano consolidado

b. Solo de núcleo rural

- Solo de núcleo rural tradicional histórico
- Solo de núcleo rural común
- Solo de núcleo rural complexo

c. Solo urbanizable

- Solo urbanizable delimitado

d. Solo rústico

- Solo rústico de protección agropecuaria
- Solo rústico de protección forestal
- Solo rústico de protección de infraestruturas
- Solo rústico de protección das augas
- Solo rústico de protección de espacios naturais
- Solo rústico especialmente protexido para zonas de interese patrimonial

c. CUALIFICACIÓN DO SOLO

O presente plan xeral de ordenación municipal procede asúmesmo a cualificación dos terreos coa decisión pública sobre o destino urbanístico do territorio mediante a fixación concreta da clase de uso e destino que corresponde a cada porción de solo, así coma da volumetría da edificación permitida no seu caso, coas seguintes determinacións segundo as distintas clases e categorías de solo establecidas:

a. Solo urbano consolidado

- Asignación detallada de usos pormenorizados
- Definición das tipoloxías edificatorias
- Definición das condicións de edificación.

b. Núcleo rural

- Regulamentación do uso pormenorizado dos terreos e construcións
- Definición das características estéticas da edificación.

c. Solo urbanizable delimitado

- Asignación dos usos globais de cada sector
- Definición das tipoloxías edificatorias
- Determinación edificabilidade.

d. Solo rústico

- Determinación das condicións estéticas e características de deseño das construcións
- Normas e medidas de protección do solo rústico para asegura-lo mantemento da natureza rústica dos terreos
- Normas para conservación, protección e recuperación dos valores e potencialidades propios do medio rural.

d. ELEMENTOS PATRIMONIAIS

O presente plan xeral de ordenación municipal procede asúmesmo a identifica-los bens que se considera conveniente conservar, mellorar ou recuperar e integran o patrimonio cultural de Galicia

e. DOTACIÓNS URBANÍSTICAS

O presente plan xeral de ordenación municipal identifica as dotacións de carácter xeral ou local de titularidade pública e as dotacións de titularidade privada.

4.1 OS OBTIVOS ESPECÍFICOS DAS VARIABLES AMBIENTAIS.

O informe de sustentabilidade ambiental deberá de recoller unha serie de variables ambientais, fixando uns criterios e obxetivos para cada unha destas variables, que aparecen descritas a continuación:

	Variable	Obxetivos e criterios
1	Paisaxe	Favorecer a integridade paisaxística
2	Natureza	Preservar a integridade funcional dos sistemas naturais Xestionar a funcionalidade propia dos recursos naturais
3	Patrimonio	Preservar e valorizar os elementos patrimoniais
4	Sociedade	Considerar a estrutura demográfica do ámbito e da área de influencia Prever un equilibrio entre a poboación e os recursos Contribuír a un entorno saudable Garantir a non exclusión Favorecer a cohesión social Fomentar a participación cidadá na toma de decisións do Concello
5	Economía	Considerar a estrutura socioeconómica do ámbito e da área de influencia
6	Medio urbano	Mellorar a calidade de vida e habitabilidade Promover solucións integrais que minimicen os custes ambientais.
7	Medio rural	Mellorar a calidade de vida e habitabilidade Promover solucións integrais que minimicen os custes ambientais
8	Medio industrial	Contribuír a creación dun entorno de traballo de calidade Optimizar a eficiencia das actividades económicas
9	Mobilidade	Reducir as necesidades de mobilidade

		Facilitar unha conectividade eficiente cara os principais destinos
10	Energía	Promover o aforro no consumo enerxético
		Pular polo uso de recursos enerxéticos renovables
11	Atmósfera	Controlar as emisións contaminantes
12	Ciclo hídrico	Garantir o funcionamento do ciclo hídrico en tódalas súas fases e procesos
		Garantir a viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento en función das demandas estimadas a teito de planeamento.
		Promover o aforro dos recursos hídricos
13	Ciclos de materiais	Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos
14	Usos	Axustar os usos ao entorno e aos obxetivos propios deste planeamento
		Fomentarase estruturas densas compactas e complexas
		Considerar a mobilidade como variable fundamental na formulación de alternativas
		Pular por un desenvolvemento do Concello ordenado e eficiente.
15	Edificacións	Axustar o parque potencial de edificacións a teito do planeamento á dinámica do Concello
		Minimizar as posibles afeccións das edificacións sobre o entorno.

5. CRITERIOS DE ORDENACIÓN

5.1 SOLO URBANO

Recollerase no ámbito de solo urbano tódalas áreas edificadas existentes que cumpran os requisitos do artigo 11 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no que especifica que han de ser incluídos os terreos que estean integrados na malla urbana existente cumprindo os seguintes requisitos:

- Contan con acceso rodado público e cos servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica, proporcionados mediante as correspondentes redes públicas con características adecuadas para servir á edificación existente e á permitida polo planeamento.
- Os terreos que carecen dalgún dos servizos sinalados no apartado 1, estean comprendidos en áreas ocupadas pola edificación, como mínimo nas dúas terceiras partes dos espazos aptos para ela, segundo a ordenación que o plan xeral establece.

Considéranse incluídos na malla urbana os terreos do núcleo de poboación que dispoñen dunha urbanización básica constituída por unhas vías perimetrais e unhas redes de servizos das que poidan servirse os terreos e que estes, pola súa situación, non están desligados do urdido urbanístico xa existente.

5.2 SOLO DE NÚCLEO RURAL

A metodoloxía empregada para elaborala delimitación dos núcleos rurais segue o artigo 13 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, na que determina que constitúen o solo de núcleo rural os terreos que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado en función das súas características morfolóxicas, tipoloxía tradicional das edificacións, vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación racional do núcleo co medio físico onde se sitúa e que figuren diferenciados administrativamente nos censos e padróns oficiais.

Realízase polo tanto unha análise detallada no Análise do Modelo de Asentamento poboacional dos seguintes parámetros:

- Formación e evolución dos asentamentos.
- Características urbanísticas, morfolóxicas


- Grao de consolidación pola edificación e expectativas de desenvolvemento.
- Tipoloxías edificatorias
- Formas construtivas das construcións tradicionais

Unha vez recopilada a información reañízase a delimitación segundo o artigo 13.3 da Lei 9/2002, grafiando un ámbito que presenta unha consolidación pola edificación de polo menos o 50% de acordo ca ordenación proposta, trazando unha liña perimetral que engloba as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e os elementos físicos existentes (camiños, ríos, regos, e outros), e como máximo a 50 m de ditas edificacións tradicionais.

As entidades de poboación delimitadas como núcleo rural común segundo o requerido no artigo 13.3.b), o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, dacordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.

5.3 SOLO RÚSTICO

O esquema básico a seguir polo planeamento para a ordenación do solo rústico, defínese no seguinte cadro:



5.3.1 S.R.P.Agropecuario

O réxime dos solos rústicos de protección agropecuaria ten por finalidade principal preservar os terreos de alta produtividade e garantir a utilización racional dos recursos naturais e o desenvolvemento urbanístico sostible, constituído polos terreos de :

- Alta produtividade agrícola ou gandeira, posta de manifesto pola existencia de explotacións que a avalen ou polas características ou potencialidade dos terreos ou das zonas onde se enclaven.
- Terreos obxecto de concentración parcelaria a partir da entrada en vigor da Lei 9/2002, con resolución firme producida nos dez anos anteriores a esta data, (a partir de 1 de xaneiro de 1993), agás que deban ser incluídos na categoría de solo rústico de protección forestal.

O plan xeral poderá excluír xustificadamente desta categoría os ámbitos lindantes sen solución de continuidade co solo urbano ou cos núcleos rurais que resulten necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional, que serán clasificados como solo urbanizable.

5.3.2 S.R.P.Forestal

O réxime dos solos rústicos de protección forestal ten por finalidade principal preservar os terreos de alta produtividade e garantir a utilización racional dos recursos naturais e o desenvolvemento urbanístico sostible, constituído polos terreos de:

- Explotacións forestais
- Masas arbóreas con funcións ecolóxicas, produtivas, paisaxísticas, recreativas ou de protección do solo
- Terreos de monte sen masa arbórea que cumpra as funcións anteriores
- Áreas arbóreas formadas por especies autóctonas
- Áreas que sufrisen os efectos dun incendio a partir da entrada en vigor desta lei nos cinco anos anteriores a ela. (1 de xaneiro de 1998)
- Áreas de especial produtividade forestal que declare a administración competente como,
- Os montes públicos
- Os montes veciñais en man común

Non obstante, os montes veciñais en man común poden ser cualificados como solo rústico de protección

forestal ou incorporados a calquera outra categoría de solo rústico especialmente protexido que se considere máis adecuada.

O plan xeral poderá excluír desta categoría as áreas sen masas arboradas merecedoras de protección, lindantes sen solución de continuidade co solo urbano ou cos núcleos rurais, que resulten necesarias para o desenvolvemento urbanístico racional. (entendemos coma urbanizables e áreas de ampliación).

5.3.3 S.R.P.Infraestruturas

O réxime do solo rústico de protección de infraestruturas, sen prexuízo do establecido na súa específica lexislación reguladora, ten por obxecto preservar as infraestruturas existentes ou de nova creación, constituído polos terreos rústicos destinados

- Terreos rústicos destinados á localización de infraestruturas e as súas zonas de afección non susceptibles de transformación, conforme as previsións dos instrumentos de planeamento urbanístico e de ordenación do territorio, as de comunicacións e telecomunicacións, as instalacións para o abastecemento, saneamento e depuración da auga, as de xestión de residuos sólidos, as derivadas da política enerxética ou calquera outra que xustifique a necesidade de afectar unha parte do territorio,

En particular a Dirección Xeral de Estradas establece que o solo de protección de infraestruturas abarcará unha franxa, a ambos lados das estradas, polo menos ata a liña de edificación que fixa o artigo 35 da lei 4/1994, que será:

- Estradas autonómicas básica primaria: Doce metros.
- Estradas autonómicas primaria complementaria: Nove metros e medio.
- Estradas autonómicas secundaria: Sete metros.
- Estradas provinciais e municipais e ámbito supramunicipal: Sete metros.

5.3.4 S.R.P.Espazos Naturais

O réxime xeral dos solos rústicos de protección de espazos naturais, sen prexuízo do establecido na súa lexislación reguladora, ten por obxecto preservar os seus valores naturais, paisaxísticos e tradicionais, constituído polos terreos sometidos a algún réxime de protección polos seus valores naturais, ambientais, científicos ou recreativos.

- Por aplicación da Lei 9/2001, de conservación da natureza,

- A lexislación reguladora dos espazos naturais, a flora e a fauna.
- Terreos protexidos polos instrumentos de ordenación do territorio,
- Terreos protexidos polas normas provinciais de planeamento
- Terreos protexidos polo planeamento urbanístico

5.3.5 S.R.P.Augas

O réxime xeral dos solos rústicos de protección das augas, sen prexuízo do establecido na súa lexislación reguladora, ten por obxecto preservar o dominio público hidráulico e o seu contorno, constituído polos terreos, situados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano,

- Definidos na lexislación reguladora das augas continentais, leitos naturais, ribeiras e marxes das correntes de auga, leito ou fondo das lagoas e encoros, terreos inundados, zonas húmidas e as súas zonas de servidume.
- Igualmente terán a dita consideración os terreos con risco de inundación, (fora do núcleo urbano e núcleos rurais)
- Aqueles baixo os cales existan augas subterráneas que deban ser protexidas.

As correntes de auga de escasa entidade que discorran dentro do ámbito dun sector de solo urbanizable quedarán debidamente integradas no sistema de espazos libres públicos, con suxeición ao réxime do solo urbanizable.

As zonas de protección que para tal efecto delimita o presente plan xeral esténdese, como mínimo zona de policía definida pola lexislación de augas, agás aquelas zonas onde non existen riscos de inundación ou pola escasa entidade do curso, xustificándose suficientemente a redución.

- Zona de servidume: de 5 metros de anchura para uso público.
- Zona de policía: de 100 metros de anchura na que se condiciona o uso do solo e as actividades que se desenvolven.


5.3.6 S.R.P.Paisaxística

Segundo o recollido no artigo 12.g. constituído polos terrenos que determine o planeamento urbanístico ou os instrumentos de ordenación do territorio coa finalidade de preservar as vistas panorámicas do territorio, do mar, do curso dos ríos ou dos vales, e dos monumentos ou edificacións de singular valor.

Co fin de localizar aquelas áreas máis fráxiles, nas que deberíase dotar ó territorio dunha clasificación de maior protección, realízase o *estudio da paisaxe* no que se identifican aqueles ámbitos do territorio susceptibles de sufrir impactos ambientais ou agresións derivadas das determinacións urbanísticas. Os pasos a seguir son os seguintes:

- Identificación e inventario das zonas que presenten fraxilidade ambiental.
- Delimitación de concas de interese paisaxístico ou calidade ambiental, determinados no estudio da paisaxe rural.

Estes dous puntos básicos desenvólvense nas seguintes fases:



5.4 SOLO URBANIZABLE

A clasificación do solo urbanizable establececese segundo o disposto no artigo 14 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, naqueles terreos que non teñan a condición de solo urbano, de núcleo rural, nin rústico e poidan ser obxecto de transformación urbanística nos termos establecidos no presente plan xeral de ordenación municipal, cas seguintes restricións:

Os terreos clasificados non están sometidos a un *réxime específico de protección incompatible coa súa urbanización*, de conformidade coa lexislación de ordenación do territorio ou coa normativa reguladora do dominio público, as costas, o medio ambiente, o patrimonio cultural, as infraestruturas e doutros sectores que xustifiquen a necesidade de protección.

Os terreos clasificados non presenten **relevantes valores naturais, ambientais, paisaxísticos, produtivos, históricos, arqueolóxicos, culturais, científicos, educativos, recreativos ou outros** que os fagan merecedores de protección ou cun aproveitamento que deba someterse a limitacións específicas.

Os terreos clasificados non teñen sufrido **unha degradación dos valores enunciados** no apartado anterior, nen deben protexerse a fin de facilitar eventuais actuacións de recuperación dos ditos valores.

Os terreos clasificados **non están ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos**, incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofes, ou que simplemente perturben o medio ambiente ou a seguridade e saúde.

6. ANÁLISE DE ALTERNATIVAS.

As alternativas de planeamento que se describen no presente ISA valóranse en base á integración dos criterios e obxectivos de sustentabilidade establecidos no Documento de Referencia remitido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible.

A avaliación cualitativa das alternativas realízase a partir do grao achegado, valorado de 1 a 10, representando 10 a maior consecución dos obxectivos de sustentabilidade. Valóranse tanto as accións como os efectos que permiten conseguir un plan máis sustentable.

Analízanse varias alternativas, que se describen a continuación:

1. A **ALTERNATIVA 0**: É aquela que se basea no mantemento da situación actual do territorio, sen modificación do planeamento nin do modelo territorial, que se analiza na diagnose realizada sobre o territorio municipal na súa situación actual na que se detectaban unha serie de deficiencias estruturais que o presente PXOM pretende resolver.
2. A **ALTERNATIVA 1**: Se corresponde cunha alternativa real de ordenación, adaptada á lexislación vixente. Nela se estudian diversas alternativas.

6.1 A ALTERNATIVA 0.

Non desenvolver o novo PXOM de Friol, levaría a tomar en consideración o vixente planeamento:

- N.S.P.
- M.P. NSP VARIAS, REVISION E ADAPTACION
- M.P. NSP NA INTERSECCION AVDA A CORUÑA, RUA DA CHOUSA
- M.P. NSP PARA NOVA LOCALIZACION DO PARQUE EMPRESARIAL. MONTE DA GANDARA BAIUCA

No que atinxe ó planeamento de desenvolvemento, realízase posteriormente á modificación puntual un Plan Parcial, así como un estudio de detalle

Planeamento de desenvolvemento

- P.P. SUB-P-I. PARQUE EMPRESARIAL
- E.D. ALIÑACION E RASANTES NA RUA CRUZ DA VEIGA

A consecuencia directa é un planeamento non adaptado á lexislación vixente, cunha inseguridade xurídica e unha oferta e planificación do solo que na actualidade non se corresponde ca necesidade real.

6.1.1 Solo urbano

Na actualidade existen un ámbito clasificado coma solo urbano (ver planos de información).

SOLO URBANO: Distingúense as seguintes Ordenanzas.


Ordenanza	Código	Superficie
Casco Antigo e entorno do Castelo	CA(C)	2,74
Casco antigo inmediato á igrexa	CA-I	1,34
Vivenda e negocios entorno ó Campo da Feira	VN-CF	1,4
Vivendas e negocios en Travesías inmediatas ó Campo da Feira	VN-I	3,58
Vivendas e Usos asociados	VUA	1,04
Vivendas e Usos asociados (Unifamiliar)	VUA(U)	1,35
Vivendas e Usos asociados (Extensivo)	VUA(E)	4,44
Vivendas e Usos asociados (conservación parcial de carácter)	VUA(CPC)	0,83
Edificios e servizos públicos	ESP	0,19
Deportivo	ESP(D)	0
Casa Cuartel	ESP(CC)	0,32
Grupo Escolar	ESP(GP)	1
Centro saúde	ESP(GE)	0,24
Igrexa	ESP(I)	0,11
Concello	ESP(AYTO)	0,03
Espazo libre	EL	1,22
Centro diferenciado (Conservación total de carácter)	CD(CTC)	0,53
Usos mixtos (de travesía de acceso)	UM-TA	5,75
Usos mixtos (extensivos)	UM-E	6,79
Aparcamientos	A	0,1

Os citados ámbitos sufriron diversas modificacións puntuais.

A proposta do planeamento basease nos seguintes fitos:

Modificación das Normas Subsidiarias de Planeamento. 1995 (Varias).


Ocn oxeto de diversas demandas, e unha vez posto en marcha o Planeamento, detectanse unha serie de necesidades non contempladas polas Normas que motivan a modificación do Planeamento en diversos ámbitos, que se resumen no seguinte cadro:

Nome	Obxeto	Ámbito	Motivación	Outras características
M1	Incremento do Solo Urbano	SUB-1 SUB-2	Ámbitos xa urbanizados e desenvoltos no período de tempo entre a NS e a súa MP	Mantense a ordenación (SUB-1 Dotacional e SUB-Residencial). Incrementase a superficie adicada a espazos libres
				
M2	Incremento do Solo Urbano	LU-232, entre o límite do solo urbano e A Gándara.	Existencia de edificacións destinadas a vivenda.	A presenza do arborado incluírase nos espazos libres. O restante incorporase ó uso residencial (usos Mixtos)

M3	Incremento do Solo Urbano	Extremo Sur, estrada de Palas.	Existencia de edificacións destinadas a vivenda.	Ordenanza de Usos Mixtos. Incorporase maior superficie destinado a espazos libres
M4	Incremento do Solo Urbano	Extremo Norte, estrada de Parga, sobre o solo de núcleo rural de Casanova.	Existencia de edificacións destinadas a vivenda.	Ordenanza de Usos Mixtos. Incorporase maior superficie destinado a espazos libres

M5	Incremento do Solo Urbano Incorporación do solo urbanizable para parque empresarial.	Extremo Norte	Existencia de edificacións destinadas a vivenda, ubicadas entre a delimitación do solo e o novo sector de solo urbanizable. Actuación de urbanización no período de tempo descrito.	Ordenanza de usos mixtos no ámbito residencial. Ordenanza dotacional no ámbito do mercado gandeiro. Sector de solo urbanizable no prioritario prescripción de usos industriais.
M6	Incremento de solo destinado a cemiterio	Cemiterio	Necesidade de ampliación	

M7	Nueva alineación	Rúa Rosalía de castro	Axustala aliñación á existente	
M8	Nueva alineación	Avda. Santiago.	Incremento da aliñación	
M9	Supresión de nueva vía de acceso á Igrexa	Igrexa	Xustificación da non necesidade	
M10	Incorporación de terreos á Ordenanza Dotacional	Grupo Escolar	Necesidade de incorporación de ditos terreos á dita cualificación	Ordenanza ESP Dotacional



Outras Modificacións: relativas á Ordenanzas de Solo urbano.

- MN1: Refúndese a Normaiva en tanto ás ordenanzas que regulan o solo urbano:

Agrupación das Ordenanzas de Usos Mixtos e Vivendas e usos asociados (ver cadro), así como outras especificacións .

Ordenanza NS	Codigo	Ordenanza NS-MP	Codigo
Casco Antigo e entorno do Castelo	CA(C)	Non sofren variacións	CA(C)
Casco antigo inmediato á igrexa	CA-I	Non sofren variacións	CA-I
Vivenda e negocios entorno ó Campo da Feira	VN-CF	Non sofren variacións	VN-CF
Vivendas e negocios en Travesías	VN-I	Non sofren variacións	VN-I

Informe de sustentabilidade ambiental

Aprobación inicial - Marzo 2.013

inmediatas ó Campo da Feira

Vivendas e Usos asociados (Unifamiliar)	VUA(U)		
Vivendas e Usos asociados (Extensivo)	VUA(E)	Vivendas e usos asociados	VUA
Vivendas e Usos asociados (conservación parcial de carácter)	VUA(CPC)	Non sofren variacións	VUA(CPC)
Deportivo	ESP(D)		ESP(D)
Casa Cuartel	ESP(CC)		ESP(CC)
Grupo Escolar	ESP(GP)		ESP(GP)
Centro saúde	ESP(GE)	Non sofren variacións	ESP(GE)
Igrexa	ESP(I)		ESP(I)
Concello	ESP(AYTO)		ESP(AYTO)
Espazo libre	EL		EL
Centro diferenciado (Conservación total de carácter)	CD(CTC)	Se incorpora a prescripción de Solo de protección de cemiterio	CD(CTC)
Usos mixtos (de travesía de acceso)	UM-TA		
Usos mixtos (extensivos)	UM-E	Usos Mixtos	UM
Aparcamientos	A	Non sofren variacións	A

- MN2: Modificación da Ordenanza VN-CF, incrementando o fondo máximo.

Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento (1997). Intersección Avenida da Coruña-Rúa da Chousa.

O obeto da modificación é a transformación de parte da rede viaria no ámbito remitido, en solo edificable, de aplicación a ordenanza VF-CN.



Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento (2003). Parque empresarial: A Gándara-A Balluca.

O obxecto da Modificación é a creación dun parque empresarial no ámbito de A Gandara, xunto co xa existente de A Balluca, trasladando os usos industriais ó primeiro, por razóns técnicas e económicas, ademais de accesibilidade.

6.1.2 Solo de núcleo rural

Defínese a través do Solo no urbanizable Nuclear (SNU-N), mediante a cual se delimitan los núcleos rurais do Concello. Incorporanse un total de 218 entidades poboacionais, segundo o nomenclátor:

FICHA	POBOACION	PARROQUIA
010200	CURRAL DOS PAOS (O)	ANAFREITA (SAN PEDRO)
010300	DEVESA (A)	ANAFREITA (SAN PEDRO)
010400	CURRAL DOS MATEOS (O)	ANAFREITA (SAN PEDRO)
010500	PARDIÑEIRA	ANAFREITA (SAN PEDRO)
020100	AN110 XERIZ	ANXERIZ (SANTA MARIA)
020200	COTO (O)	ANXERIZ (SANTA MARIA)

FICHA	POBOACION	PARROQUIA
020300	CUÍÑA	ANXERIZ (SANTA MARIA)
020400	FERREIRA	ANXERIZ (SANTA MARIA)
020600	PIÑEIRO	ANXERIZ (SANTA MARIA)
020700	ROSENDE	ANXERIZ (SANTA MARIA)
020900	SISTO	ANXERIZ (SANTA MARIA)
030100	BRA	BRA (SAN MARTIÑO)
030300	CAMPOS (OS)	BRA (SAN MARTIÑO)
040200	BARALLOBRE	CARBALLO (SAN XIAO)
040400	CARBALLO	CARBALLO (SAN XIAO)
040500	CORTELLA (A)	CARBALLO (SAN XIAO)
040700	FRAGA (A)	CARBALLO (SAN XIAO)
040900	FROXELLE	CARBALLO (SAN XIAO)
041100	LAXE (A)	CARBALLO (SAN XIAO)
041300	PAREDES	CARBALLO (SAN XIAO)
041400	PENELAS (AS)	CARBALLO (SAN XIAO)
041500	PEREIRA (A)	CARBALLO (SAN XIAO)
041600	GÁNDARA (A)	CARBALLO (SAN XIAO)
050200	ARGÁ DE ARRIBA (A)	CARLÍN (SANTA MARÍA)
050400	CARLÍN	CARLÍN (SANTA MARÍA)
060200	ACIVEIRO (O)	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)
060300	ARRIBA	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)
060400	ARXEREI	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)
060500	BUSTELO	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)
060600	CANCELA (A)	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)
060700	CASAS DO MONTE (AS)	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)
060800	CASTRO (O)	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)

FICHA	POBOACION	PARROQUIA
061000	FONDOSO (O)	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)
061100	FONTE DO CAN (A)	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)
061200	FORNELOS (OS)	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)
061400	HEDREIRA (A)	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)
061500	MACEDO	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)
061600	PARDELLAS (AS)	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)
061700	PICHA (A)	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)
061800	QUINTIÁ	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)
061900	RACAMONDE	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)
062000	RODO DO MUIÑO (O)	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)
062100	SAN MARTIÑO DE CONDES	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)
062200	SANTA EUFEMIA	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)
062300	TORRE (A)	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)
062400	XIMONDRIZ	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)
062500	XUL	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)
062600	XULACASA	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)
070100	AGRUÑA	COTÁ (SAN MARTIÑO)
070300	COÍDO	COTÁ (SAN MARTIÑO)
070400	COTÁ	COTÁ (SAN MARTIÑO)
070500	LAGOUZOS (OS)	COTÁ (SAN MARTIÑO)
070600	PENA (A)	COTÁ (SAN MARTIÑO)
070700	PORTASUEIRO	COTÁ (SAN MARTIÑO)
070800	REXIDOIRA (A)	COTÁ (SAN MARTIÑO)
070900	SILVARREDONDA	COTÁ (SAN MARTIÑO)
080100	VIXÍA (A)	SANTALLA DE DEVESA (SANTALLA)
080300	CASAS DE COVAS (AS)	SANTALLA DE DEVESA (SANTALLA)

FICHA	POBOACION	PARROQUIA
080400	CURRAL DE ABAIXO (O)	SANTALLA DE DEVESA (SANTALLA)
080500	PEDROUZOS (OS)	SANTALLA DE DEVESA (SANTALLA)
080600	SISTO (O)	SANTALLA DE DEVESA (SANTALLA)
080700	VILAPEDRE	SANTALLA DE DEVESA (SANTALLA)
100100	ABRIGUEIRO (O)	GUIMAREI (SANTA MARÍA)
100200	CAMPO DA FEIRA (O)	GUIMAREI (SANTA MARÍA)
100400	GUIMAREI DE ARRIBA	GUIMAREI (SANTA MARÍA)
100500	MEIGONTE	GUIMAREI (SANTA MARÍA)
110200	BOLETA (A)	GULDRIZ (SANTIAGO)
110300	GULDRIZ DE ABAIXO	GULDRIZ (SANTIAGO)
110400	GULDRIZ DE ARRIBA	GULDRIZ (SANTIAGO)
110500	LEBOREIRA (A)	GULDRIZ (SANTIAGO)
120100	LAMAS	LAMAS (SANTA MARÍA)
130200	CURRAL DE ABAIXO (O)	LEA (SAN XURXO)
130300	CURRAL DE ARRIBA (O)	LEA (SAN XURXO)
130500	GÁNDARA (A)	LEA (SAN XURXO)
130600	LEA	LEA (SAN XURXO)
130700	OUTEIRO (O)	LEA (SAN XURXO)
130800	PRADEDA	LEA (SAN XURXO)
140100	CÓRNEAS	MADELOS (SANTALLA)
140300	PENAS (AS)	MADELOS (SANTALLA)
140400	VILA GRANDE (A)	MADELOS (SANTALLA)
140500	VILA PEQUENA (A)	MADELOS (SANTALLA)
150400	LAXES (AS)	MIRAZ (SANTIAGO)
150700	PONTELLA (A)	MIRAZ (SANTIAGO)
160100	CABEZA DE VACA	NARLA (SAN PEDRO)

FICHA	POBOACION	PARROQUIA
160200	CIMA DE VILA	NARLA (SAN PEDRO)
160300	CHAO (O)	NARLA (SAN PEDRO)
160400	EIREXE (A)	NARLA (SAN PEDRO)
160500	ESPIÑEIRA (A)	NARLA (SAN PEDRO)
160700	MONTECELOS	NARLA (SAN PEDRO)
160800	PACIOS	NARLA (SAN PEDRO)
160900	PONTELLA (A)	NARLA (SAN PEDRO)
161000	PORTELA (A)	NARLA (SAN PEDRO)
161100	PORREIRA (A)	NARLA (SAN PEDRO)
161300	TODÓN	NARLA (SAN PEDRO)
161400	VILAR (O)	NARLA (SAN PEDRO)
170300	BIDUEIRO (O)	NODAR (SAN MAMEDE)
170400	CABANA (A)	NODAR (SAN MAMEDE)
170500	CARBALLOSO	NODAR (SAN MAMEDE)
170600	CERDEIRA (A)	NODAR (SAN MAMEDE)
170700	CORDA (A)	NODAR (SAN MAMEDE)
170900	FONTES (AS)	NODAR (SAN MAMEDE)
171000	LEDRO	NODAR (SAN MAMEDE)
171200	MANTELE	NODAR (SAN MAMEDE)
171300	NODAR	NODAR (SAN MAMEDE)
171600	SAMEDE	NODAR (SAN MAMEDE)
171700	SANTO ESTEVO	NODAR (SAN MAMEDE)
171800	TRAVESA DE LEDRO (A)	NODAR (SAN MAMEDE)
171900	GUIMAREI	NODAR (SAN MAMEDE)
172100	REGO DO ORIZO (O)	NODAR (SAN MAMEDE)
180100	CAMPO (O)	OUSÁ (SAN XIAO)

FICHA	POBOACION	PARROQUIA
180200	CASA DE PARGA (A)	OUSÁ (SAN XIAO)
180400	LAMELAS (AS)	OUSÁ (SAN XIAO)
180500	LOURIDO	OUSÁ (SAN XIAO)
180600	MÁMOA (A)	OUSÁ (SAN XIAO)
180700	MAZCARELLE	OUSÁ (SAN XIAO)
180800	MOZÓN (O)	OUSÁ (SAN XIAO)
180900	PEREIRA (A)	OUSÁ (SAN XIAO)
181100	QUINTÁ	OUSÁ (SAN XIAO)
181200	REQUEIXO	OUSÁ (SAN XIAO)
181300	VILAR (O)	OUSÁ (SAN XIAO)
190100	BURGO DE NEGRAL (O)	PACIO (O) (SANTA MARÍA)
190400	PACIO (O)	PACIO (O) (SANTA MARÍA)
190500	PARAÑO (O)	PACIO (O) (SANTA MARÍA)
190600	VALIÑA (A)	PACIO (O) (SANTA MARÍA)
190800	VILAR DE SALGUEIROS	PACIO (O) (SANTA MARÍA)
200100	UCEIRA (A)	PRADO (SAN MARTIÑO)
200200	CASANOVA (A)	PRADO (SAN MARTIÑO)
200300	COSTA (A)	PRADO (SAN MARTIÑO)
200400	DEVESA (A)	PRADO (SAN MARTIÑO)
200500	EMPALME (O)	PRADO (SAN MARTIÑO)
200600	LOUSENDE	PRADO (SAN MARTIÑO)
200800	PRADO DE ABAIXO (O)	PRADO (SAN MARTIÑO)
200900	PRADO DE ARRIBA (O)	PRADO (SAN MARTIÑO)
210100	CASBARREIRO	RAMELLE (SANTA MARIA)
210200	OUTEIRO (O)	RAMELLE (SANTA MARIA)
210300	PEDREIRAS (AS)	RAMELLE (SANTA MARIA)

FICHA	POBOACION	PARROQUIA
210400	RAMELLE	RAMELLE (SANTA MARIA)
220100	ALTO (O)	ROCHA (SAN COSMEDE)
220200	CARREGAL (O)	ROCHA (SAN COSMEDE)
220300	CASANOVA (A)	ROCHA (SAN COSMEDE)
230100	ALZADA (A)	ROIMIL (SAN XIAO)
230500	CURRÁS	ROIMIL (SAN XIAO)
230600	GUDÍN DE ABAIXO	ROIMIL (SAN XIAO)
230700	GUDÍN DE ARRIBA	ROIMIL (SAN XIAO)
230800	PAZO (O)	ROIMIL (SAN XIAO)
230900	PENAGATEIRA (A)	ROIMIL (SAN XIAO)
231000	PIÑEIRO (O)	ROIMIL (SAN XIAO)
240100	FONTEDELO	SAN CIBRAO DA PREGACION (SAN CIBRAO)
240200	RECAEI	SAN CIBRAO DA PREGACION (SAN CIBRAO)
240300	SAN CIBRAO	SAN CIBRAO DA PREGACION (SAN CIBRAO)
250100	ABELAIRA (A)	SEIXÓN (SAN PAIO)
250200	CELA	SEIXÓN (SAN PAIO)
250400	SEIXÓN DE ABAIXO	SEIXÓN (SAN PAIO)
250500	SEIXÓN DE ARRIBA	SEIXÓN (SAN PAIO)
250600	SUCAMPO	SEIXÓN (SAN PAIO)
260200	MUNDÍN	SEOANE DA PREGACIÓN (SAN XOÁN)
260400	SEOANE	SEOANE DA PREGACIÓN (SAN XOÁN)
260500	TRALACORDA	SEOANE DA PREGACIÓN (SAN XOÁN)
270100	FERREIRA (A)	SERÉN (SANTA CRUZ)
270200	CASANOVA (A)	SERÉN (SANTA CRUZ)
270300	SERÉN	SERÉN (SANTA CRUZ)
280100	BUSTO	SILVELA (SANTA MARÍA)

